



Servizo Galego de saúde



Xerencia Xeral
Servizo Galego de Saúde

24

Proceso

D

Proceso de Fibrilación Auricular

Xerencia de Xestión Integrada de Santiago

Proceso Fibrilación Auricular
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago




Edición Bilingüe Galego/Castelán



XUNTA DE GALICIA

PROCESO de FIBRILACIÓN AURICULAR



XUNTA DE GALICIA
Servizo Galego de Saúde
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, 2014

Edita: Xunta de Galicia. Servizo Galego de Saúde.
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1655-2014

Imprime: SERVIDEAS SLL - Santiago de Compostela

Equipo de traballo do proceso de fibrilación auricular do CHUS

Alfonso Varela Román	Cardioloxía
Pilar Mazón Ramos	Cardioloxía
Javier García Seara	Cardioloxía
Manuel Lado López	Atención Primaria
Oliva Varela Meizoso	Atención Primaria
Susana Pérez Crespo	Hematoloxía
M. ^ª Dolores Vilariño López	Hematoloxía
Antonio Pose Reino	Medicina Interna
Francisco Lado Lado	Medicina Interna
Carmen Seijas Rodríguez	Urxencias
Miguel Blanco González	Neuroloxía
María Jesús Lamas Díaz	Farmacía
Estrella López Pardo	Subdirección de Calidade e Atención ao Paciente

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN, ELEMENTOS, FILOSOFÍA E OBXECTIVOS	9
Elementos	11
Filosofía	11
Fases do proceso	15
Diagnóstico e estratificación do risco	15
Instauración do tratamento óptimo	17
Seguimento e prevención de eventos CV	18
Tratamento de eventos CV e descompensacións	19
DIAGNÓSTICO, AVALIACIÓN DA SEVERIDADE CLÍNICA E ESTRATIFICACIÓN DE RISCO	21
Presentación clínica	23
Diagnóstico ECG	23
Avaliación da severidade clínica	24
Clasificación da FA	25
Avaliación do risco tromboembólico e hemorráxico	26
Check-list primeira fase	29
INSTAURACIÓN DE TRATAMENTO ÓPTIMO	33
Profilaxe tromboembólica	35
Tratamento anticoagulante oral (TAO)	35
Indicacións tratamento con AVK	36
Indicacións tratamento con NACO	36
Contraindicacións da TAO	37
Características, posoloxía, contraindicacións dos NACO	38
Inicio da TAO	40
Tratamento antiagregante	41
Control da frecuencia ventricular	42
Control agudo da resposta ventricular	42
Control crónico da resposta ventricular	43
Control de ritmo	45
Recomendacións de control de ritmo	46

Recomendacións de control de resposta ventricular	46
Cardioversión	46
Indicacións de ecocardiograma transesofáxico	47
Mantemento do ritmo sinusal	48
Fármacos antiarrítmicos para profilaxe de FA	48
Ablación con catéter	50
SEGUIMIENTO E PREVENCIÓN DE EVENTOS CV	53
Seguimento	55
Avaliación clínica	56
Tratamento antitrombótico	56
Grao de control da resposta ventricular	57
Avaliación da forma de FA	57
Identificar risco de proarritmia	57
TRATAMENTO DE EVENTOS CARDIOVASCULARES, COMPLICACIÓNS E DESCOMPENSACIÓNS	59
Criterios de gravidade	61
Complicacións relacionadas co tratamento antitrombótico	61
Cambio entre diferentes réximes de tratamento antitrombótico	61
Interacción de TAO con dieta e fármacos	63
Erros de dosificación	64
Necesidade de cirurxía programada en pacientes en TAO	65
Necesidade de cirurxía urxente non programada en pacientes en TAO ..	70
Tratamento de complicacións hemorráxicas en pacientes en TAO	71
TRATAMENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES CON CARDIOPATÍA ISQUÉMICA	75
Medidas xerais para minimizar risco hemorráxico	77
Factores que se deben ter en conta para determinar terapia antitrombótica ...	77
Recomendacións de tratamento antiagregante tras SCA (tipo/duración)	78
Tratamento en pacientes con cardiopatía isquémica crónica	79

TRATAMENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES QUE SOFREN UN ICTUS	81
Manexo do ictus hemorráxico na fase aguda	83
Manexo do ictus hemorráxico na fase crónica	85
Manexo do ictus isquémico na fase aguda	86
Manexo do ictus isquémico na fase crónica	86
TRATAMENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES QUE SOFREN NEOPLASIAS	89
RECOMENACIÓNS DE TAO EN PACIENTES QUE SE VAN SOMETER A UNHA CARDOVERSIÓN	93
PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO EN CONSULTA DE ENFERMERÍA DE PACIENTES DIAGNOSTICADOS DE FA	97
Primeira consulta de enfermería tras o diagnóstico de FA	99
Segunda consulta	100
Terceira consulta	102
Consultas de seguimento	104
TÁBOAS	107
Clasificación clínica EHRA	109
Criterios de inestabilidade	109
Clasificación da FA	109
Escala de risco tromboembólico e hemorráxico	110
CHADS2	110
CHA2DS2-VASc	110
HAS-BLED	111
Árbore decisión de tratamento antitrombótico	112
Árbore decisión de manexo tras o primeiro diagnóstico	113
Resumo de aspectos que se deben valorar en cada consulta de enfermería ..	114
INDICADORES	115
BIBLIOGRAFÍA	123
DIAGRAMAS DE FLUXO DE DOENTES	127

. INTRODUCCIÓN,
ELEMENTOS, FILOSOFÍA
e OBXECTIVOS .



INTRODUCCIÓN, ELEMENTOS, FILOSOFÍA E OBXECTIVOS

A **fibrilación auricular** constitúe o terceiro motivo de consulta na nosa Área Cardiovascular, xa que representa o 13% das consultas. É tamén un importante motivo de demanda asistencial no Servizo de Urxencias da Xerencia de Xestión Integrada da Área de Santiago de Compostela. Nunha análise realizada no ano 2003 no Servizo de Urxencias, e publicada na introdución do protocolo de fibrilación auricular consensuado polos Servizos de Urxencias e Cardioloxía, rexistráronse, durante un período dun mes, 222 casos de fibrilación auricular, dos cales 35 correspondían a pacientes que consultaban por fibrilación auricular, e o resto a un achado incidental. Se facemos unha proxección a un ano, teríamos 2264 pacientes con fibrilación auricular atendidos no Servizo de Urxencias da Xerencia de Xestión Integrada da Área de Santiago de Compostela, e 420 casos de pacientes nos que a fibrilación auricular sería o motivo de asistencia. Outro aspecto que se debe valorar é o pronóstico desfavorable que condiciona, xa que se describiu como factor independente de mortalidade e de risco de eventos embólicos.

Á hora de darlles prioridade aos procesos asistenciais débense seleccionar aqueles que polo seu carácter repetitivo poidan ser estandarizables, e permitan establecer formas comúns de traballar. O obxectivo é introducir vías, con circuítos e actividades definidos polos que o proceso discorra de forma fluída. No ámbito das enfermidades cardiovasculares é posible a estandarización da maior parte dos procesos, e existen guías de práctica clínica específicas para a práctica totalidade destes. A atención a pacientes con fibrilación auricular é un proceso susceptible de estandarizar.

No proceso asistencial da fibrilación auricular a variabilidade no manexo polo gran número de profesionais implicados, procedentes tamén de diferentes niveis asistenciais e de diferentes servizos hospitalarios: médicos de Atención Primaria, médicos de servizos de urxencias de Atención Primaria, médicos do Servizo de Urxencias Hospitalarias, dos Servizos de Cardioloxía, de Medicina Interna, de Neuroloxía, de Hematoloxía, de Farmacia, e outros da Xerencia de Xestión Integrada da Área de Santiago de Compostela. Por todo iso a organización deste proceso asistencial é importante.

A forma de presentación clínica dos pacientes con fibrilación auricular é variada, aínda que simplificando podemos encontrar unha forma paroxística máis frecuente en pacientes novos e en moitos casos sen cardiopatía estrutural e unha forma crónica máis frecuente en pacientes de idade avanzada, en moitos casos asociada á hipertensión arterial e á cardiopatía estrutural. A primeira forma é a

que constitúe un maior número dos casos atendidos en urxencias e a segunda en Atención Primaria. Dende un punto de vista práctico as decisións terapéuticas que deben tomarse son:

- Tratamento antitrombótico dirixido a previr eventos cardiovasculares.
- Tratamento dirixido a controlar a resposta ventricular.
- Tratamento dirixido a restablecer o ritmo sinusal.

A indicación e selección do tratamento antitrombótico depende fundamentalmente de criterios clínicos polo que esta decisión pode ser tomada polo médico de Atención Primaria e polos do Servizo de Urxencias.

A participación do cardiólogo é importante en especial no que fai referencia á decisión de en que pacientes restablecer o ritmo sinusal, e na selección de terapias farmacolóxicas para manter o ritmo sinusal e para o control da resposta ventricular. Nesta toma de decisións o ecocardiograma xoga un papel fundamental. Ata o momento actual a estratexia de control do ritmo baseada en restablecer o ritmo sinusal non demostrou ser superior á estratexia de control de resposta ventricular, polo menos en termos de prognóstico.

No momento actual a fibrilación auricular derivada dende Atención Primaria á consulta de cardioloxía é atendida nas Consultas de Acto Único, onde se asegura a realización de ecocardiograma no mesmo día, e permiten nun gran número de casos establecer unha estratexia terapéutica que pode ser levada a cabo polo médico de Atención Primaria.

No Servizo de Urxencias existe dende o ano 2004 un protocolo de manexo da fibrilación auricular, consensuado co Servizo de Cardioloxía, que debería ser adaptado á nova estrutura de consulta do servizo, pois cando se elaborou non existía a Consulta de Acto Único. Existe unha porcentaxe significativa, difícil de cuantificar, que é valorada periodicamente na consulta de revisión do Servizo de Cardioloxía, e que na maioría dos casos debería ser seguida en Atención Primaria.

Os **elementos implicados** no desenvolvemento deste proceso deben ser:

- Xerencia
- Servizo de Farmacia
- Médicos Atención Primaria
- Enfermería de Atención Primaria

- Médicos Servizo de Urxencias Hospitalarias
- Médicos Servizo de Urxencias de Atención Primaria
- Médicos Servizo de Medicina Interna
- Médicos Servizo de CardioloXía
- Médicos Servizo de Neuroloxía
- Médicos Servizo de HematoloXía

A **filosofía** que debe rexer este proceso debe ser a seguinte:

1. O **paciente** coas súas expectativas e necesidades é o **centro do proceso**, e deben ser os diferentes profesionais implicados os que adapten a súa actuación a estas necesidades.
2. Definir a funcións e os momentos de actuación ao longo do proceso dos diferentes **profesionais implicados**, co obxecto de evitar duplicidades e mellorar a eficiencia do proceso
 - a. O **cardiólogo** debe **valorar a fibrilación polo menos unha vez**, idealmente ao principio do proceso, e asegurar a realización de **ecocardiograma** e a toma de decisións apropiada con relación á estratexia a seguir (control de ritmo vs. control de resposta ventricular). Seguimento de pacientes nos que se formula a estratexia de control do ritmo en especial aqueles que precisen tratamento antiarrítmico.
 - b. O **médico de Atención Primaria** debe ser o responsable na maioría dos casos da toma de decisión sobre o tratamento antitrombótico. Responsable do seguimento e do axuste do tratamento nos pacientes xa valorados polo cardiólogo nos que se formula control de resposta ventricular.
 - c. A **enfermería de Atención Primaria** debe xogar un papel esencial no seguimento dos pacientes anticoagulados.
 - d. Os **médicos dos servizos de Urxencias**, responsables do diagnóstico inicial, en moitos casos, e de escoller unha estratexia de tratamento apropiada de acordo cos protocolos de manexo aprobados e valorar a derivación de pacientes ao servizo de CardioloXía, cando estea indicado.
 - e. Os **médicos do servizo de Medicina Interna**, responsables do diagnóstico inicial e de escoller unha estratexia de tratamento apropiada de

acordo cos protocolos de manexo aprobados e valorar derivación de pacientes ao servizo de Cardioloxía, cando estea indicado.

- f. Os **médicos do servizo de Neuroloxía**, responsables do diagnóstico inicial, en moitos casos, e do tratamento ictus embólicos e hemorráxicos asociados á FA ou ao tratamento antitrombótico. Deben escoller unha estratexia de tratamento apropiada de acordo cos protocolos de manexo aprobados e valorar derivación de pacientes ao Servizo de Cardioloxía, cando estea indicado.
- g. Os **médicos do Servizo de Hematoloxía**, responsables do control do tratamento anticoagulante naqueles pacientes nos que se opte por esta estratexia de tratamento.

3. Aplicación de **guías de práctica clínica**

Elaboración de **protocolos consensuados** baseados en guías de práctica clínica que aseguren a aplicación destas de forma homoxénea e continua nos diferentes niveis e servizos.

- 4. Utilizar **sistemas de información**, baseados no **IANUS**, que
 - i. Faciliten a continuidade asistencial entre distintos servizos e niveis asistenciais.
 - ii. Permitan a través de indicadores predefinidos medir o proceso, en termos de calidade, cantidade e custo, coa intención introducir melloras.
 - iii. Sexan ferramentas útiles para a investigación clínica.

O **obxectivo final** é asegurar a **correcta avaliación do paciente** e a **selección das estratexias terapéuticas apropiadas** a cada paciente, de acordo coas recomendacións das guías de práctica clínica.


FASES DO PROCESO

Na figura 1 esquematízanse as catro principais fases nas que se divide o proceso e que son:

1. Diagnóstico e estratificación de risco
2. Instauración do tratamento óptimo
3. Seguimento, prevención de eventos e descompensacións
4. Tratamento de eventos e descompensacións cando estas se produzan

En cada unha destas catro fases formúlase uns obxectivos e factores claves á hora de organizar este proceso.

Figura 1.




Fase diagnóstica e estratificación do risco

Na figura 2 esquematízanse os obxectivos e elementos clave nesta fase do proceso.

O **diagnóstico de fibrilación auricular** é electrocardiográfico e non adoita formular dúbidas en Atención Primaria nin nos servizos de urxencias. Logo de establecer o diagnóstico é fundamental establecer a **severidade da situación clínica** para decidir se se pode realizar un manexo ambulatorio, ou ben se esta é comprometida remítela ao ao Servizo de Urxencias Hospitalarias. En moitos casos o diagnóstico establécese neste último servizo.

Figura 2.



Unha **avaliación clínica básica**, acompañada de probas complementarias sinxelas como o ECG e a radiografía de tórax deben ser suficientes para **establecer a estratexia de manexo inicial**.

A **estratexia de tratamento antitrombótico** pódese establecer xa **na primeira avaliación**, pois como se comentou anteriormente, esta depende case exclusivamente de criterios clínicos. É necesario establecer vías clínicas consensuadas co Servizo de Hematoloxía da Xerencia de Xestión Integrada da Área de Santiago de Compostela para que se poida iniciar o tratamento antitrombótico dunha forma, rápida, eficaz e segura, dende o primeiro momento.

Os pacientes diagnosticados en Atención Primaria que non cumpran criterios de severidade clínica serán avaliados nas **Consultas de Acto Único da Área Cardiovascular da Xerencia de Xestión Integrada da Área de Santiago de Compostela**, onde se asegura a realización de probas complementarias, en especial o ecocardiograma, que permiten unha valoración clínica completa, e que se poida establecer unha estratexia terapéutica axeitada, xa sexa control do ritmo ou control de frecuencia.

Os **pacientes valorados en Urgencias** serán manexados de acordo ao **protocolo consensuado co Servizo de Cardioloxía**, e naqueles casos nos que non se realizase unha avaliación completa durante a asistencia neste servizo serán remitidos para valoración a **Consulta de Acto Único**.


Son **obxectivos específicos** nesta fase:

- Elaborar un **documento de consenso entre Atención Primaria, Servizo de Urxencias do CHUS, o Servizo de Hematoloxía e o Servizo de Cardioloxía**, no que se inclúan os criterios de severidade clínica que motivarán a súa derivación a urxencias hospitalarias, os criterios para o tratamento antitrombótico e a vía de derivación ao servizo de Hematoloxía e os criterios de derivación á consultas de acto único.
- **Actualización do protocolo de manexo de fibrilación auricular en Urxencias** en que se inclúan os criterios de ingreso hospitalario, e os criterios de derivación ás consultas de acto único.

Fase de instauración do tratamento óptimo

Logo de realizar o diagnóstico e unha valoración completa que permita establecer unha estratexia de tratamento, comeza a seguinte fase do proceso na que o obxectivo é a optimización deste, tal como pode verse na figura 3.

Figura 3.



Nesta fase o elemento principal é a **selección da estratexia óptima de acordo coas guías de práctica clínica**. Realizarase nas CAU ou ben no Servizo de Urxencias.

No caso de seleccionar unha **estratexia de control de frecuencia** e unha vez seleccionado o farmacolóxico axeitado para iso, na maioría dos casos o paciente

poderá ser derivado a Atención Primaria para o seu seguimento e axuste de tratamento en función dun protocolo consensuado para o efecto, cun informe de alta completo no que se detalle a estratexia terapéutica.

Nos pacientes nos que se seleccione unha **estratexia de control de ritmo** será necesario realizar seguimento **nas consultas de revisións de cardioloxía e coordinar coa Unidade de Electrofisioloxía** para realización de cardioversión eléctrica programada cando esta sexa necesaria. Nestes pacientes será necesario un seguimento periódico nas consultas de revisión de cardioloxía para o efecto de controlar a **eficacia e seguridade dos fármacos antiarrítmicos** e identificar aqueles pacientes que poidan ser **candidatos a un tratamento intervencionista mediante ablación**.

En todos os pacientes será necesario realizar de forma coordinada con Atención Primaria un axeitado **control de factores de risco cardiovascular**, que habitualmente están presentes nestes pacientes.

Son **obxectivos específicos** desta fase:

- Elaborar un **protocolo consensuado con Atención Primaria de manexo da fibrilación auricular crónica**, onde se reflicta de forma clara os criterios para a titulación de fármacos dirixidos ao control da frecuencia cardíaca, en consonancia coas recomendacións das guías de práctica clínica.
- Elaborar **protocolo de seguimento de pacientes con fibrilación auricular paroxística**.

Fase de seguimento, prevención de eventos cardiovasculares e descompensacións

A terceira fase do tratamento contempla o seguimento e a prevención de eventos cardiovascular e descompensacións, tal como pode verse na figura 4.




Figura 4.

Os elementos claves nesta fase de seguimento consisten en manter unha **estratexia antitrombótica óptima**, onde debe xogar un papel fundamental a enfermería de Atención Primaria, e o **control dos factores de risco cardiovascular**, na que tamén estarán **implicados a enfermería e os médicos de Atención Primaria**.

O seguimento en pacientes nos que se decidise unha estratexia de **control de frecuencia** poderá ser realizado na práctica totalidade dos casos polo médico de **Atención Primaria**, de acordo ao protocolo de manexo da fibrilación auricular crónica consensuado.

Os pacientes nos que se seleccionase unha **estratexia de control de ritmo** deberán seguir revisións periódicas na **consulta de revisións de cardioloxía**, ao obxecto de valorar a **eficacia e a seguridade de fármacos antiarrítmicos** e seleccionar pacientes que poida requirir **tratamento intervencionista con ablación**.

Fase de tratamento de eventos cardiovasculares e descompensacións

A última fase do proceso refírese ao control e manexo das descompensacións, tal como pode verse na figura 5.




Figura 5.

Nesta fase o elemento clave é establecer **criterios consensuados para a reevaluación por parte do cardiólogo**. É necesario dispoñer de vías de acceso rápido á consulta de Cardioloxía para que estes pacientes poidan ser vistos sen ter que ser enviados de novo ás consultas de acto único. Neste sentido xogan un papel fundamental a figura do cardiólogo consultor e a e.consulta.

Son **obxectivos específicos** desta fase:

- Elaborar **documento de consenso** con Atención Primaria con **criterios clínicos para a reevaluación** dos pacientes no Servizo de Cardioloxía.
- Potenciar figura **cardiólogo consultor** e a **e.consulta**.

· DIAGNÓSTICO,
AVALIACIÓN da
SEVERIDADE CLÍNICA e
ESTRATIFICACIÓN de
RISCO .



DIAGNÓSTICO, AVALIACIÓN DA SEVERIDADE CLÍNICA E ESTRATIFICACIÓN DE RISCO

O diagnóstico da fibrilación auricular é fundamentalmente electrocardiográfico, pero debemos considerar tamén diferentes aspectos á hora de realizar unha correcta avaliación clínica. Debemos ter en conta as manifestacións clínicas e situacións que nos levan a realizar o electrocardiograma (ECG) que nos permite establecer o diagnóstico e non debemos esquecer realizar unha correcta clasificación e avaliación clínica do paciente unha vez establecido o diagnóstico que nos permita decidir a actitude que se debe tomar.

Presentación clínica

A maioría das veces as FA non teñen síntomas e a arritmia detéctase nunha exploración por outro motivo. Os pacientes sintomáticos poden referir: dispnea de repouso, dor torácica, palpitacións, mareo, presíncope ou síncope con menor frecuencia. Tamén pode haber diminución da resistencia á actividade física e síntomas non específicos como malestar.

En moitos casos diagnósticase polas complicacións como ictus, ataques isquémicos transitorios (AIT), embolia periférica ou insuficiencia cardíaca.

Diagnóstico ECG

Débesse realizar ECG de 12 derivacións:

- En todos aqueles casos nos que exista unha sospeita clínica razoable (clínica de dispnea, palpitacións, síncope, malestar torácico, AIT e ictus).
- Dado que a persistencia aumenta coa idade e que en moitos casos é asintomática, en maiores de 65 anos aconséllase observar o seu pulso, a palpación dun pulso irregular faranos sospeitar a presenza de FA.

A monitorización ECG con Holter está indicada en casos de:

- Pacientes con ECG non diagnóstico e síntomas severos nos que se sospeite episodios de FA.
- Pacientes que sufriron episodios embólicos nos que se sospeite posible orixe cardioembólico (ex: ictus criptoxenético).

Os criterios electrocardiográficos de diagnóstico de FA son:

- Intervalos R-R, «absolutamente» irregulares e que non seguen un patrón repetitivo.

- Ausencia de ondas P. Pode existir certa actividade eléctrica auricular, especialmente visible en V1, caracterizada por unha liña de base con oscilacións de baixa amplitude (ondas “f” ou fibrilatorias).
- Cando a actividade atrial é visible, a distancia entre dúas activacións atriais (lonxitude de ciclo atrial) é variable e rápido (<200 ms, FC >300 lpm).

Avaliación da severidade clínica da arritmia

É fundamental realizar unha axeitada avaliación da situación clínica do paciente xa que dela se derivará a actitude que se debe seguir. A avaliación clínica inicial debe incluír antecedentes persoais, con especial atención a aqueles que poidan ter implicación nas decisións terapéuticas (HTA, DM, cardiopatía previa, ictus previos, fenómenos tromboembólicos previos), os tratamentos que está a recibir o paciente, os síntomas acompañantes (dispnea, dor torácica, palpitacións, mareo, síncope...), a duración da clínica (de especial interese determinar se é menor ou maior de 48 horas, cando sexa posible) e unha exploración física básica, na que se recollan as constantes vitais (TA, FC e t^a) e dirixida a descartar signos de mala perfusión periférica (cianose, frialdade e sudación cutánea) e de insuficiencia cardíaca.

Sobre a base da avaliación clínica poderemos clasificar o paciente en catro graos, seguindo unha clasificación proposta en pola European Heart Rhythm Association (EHRA)

Clasificación EHRA severidade clínica.

Grao EHRA	Manifestacións clínicas acompañantes á FA
Grao I	Sen síntomas
Grao II	Síntomas leves. A actividade diaria normal non está afectada
Grao III	Síntomas moderados. A actividade diaria normal está afectada
Grao IV	Síntomas incapacitantes. Interrómpese a actividade diaria normal

Os pacientes en grao IV e algúns dos que se encontren en grao III da EHRA deben ser manexados nos servizos de Urxencias pois é previsible que poidan requirir monitorización, ou da administración de medicacións intravenosas ou outras estratexias terapéuticas como a cardioversión eléctrica.

Considéranse tamén criterios de severidade que xustificarian o manexo da FA nos servizos de urxencias os seguintes.

Criterios de inestabilidade hemodinámica na FA:

- Descenso sintomático da presión arterial (PA) de 30 mmHg respecto á previa ou PAS/D <90/50 mmHg.
- Repercusión orgánica severa:
 - Anxina de peito.
 - Insuficiencia respiratoria.
 - Insuficiencia cardíaca grave.
 - Compromiso da circulación periférica, con oligoanuria, frialdade cutánea, diminución do nivel de conciencia ou acidose láctica.
- Signos electrocardiográficos de isquemia aguda.


Clasificación da FA

Logo de avaliar a severidade clínica é importante clasificar a FA e para iso seguimos a clasificación proposta pola *European Society of Cardiology*, que propón 5 categorías:

- Primeira vez que se diagnostica unha FA (sexo cal sexa a duración, a gravidade ou os síntomas).
- Paroxística (reverte espontaneamente a sinusal, xeralmente en <48 horas).
- Persistente (>7 días, pode reverter a ritmo sinusal, pero xeralmente require CV).
- Persistente de longa duración (similar á anterior pero cunha duración de >1 ano).
- Permanente (non é posible reverter a ritmo sinusal ou ben decidiuse non facelo).

O patrón de FA pode cambiar ao longo do tempo entre os seus diferentes tipos. A FA que cursa con 2 ou máis episodios clínicos de arritmia intercalados con períodos de ritmo sinusal denomínase FA recorrente. A importancia desta clasificación, máis alá da cal poidan verse como formas evolutivas da arritmia, radica en que inclúe implicacións con relación á estratexia terapéutica. Así está claro que na forma paroxística primarán estratexias dirixidas a manter o ritmo sinusal e na permanente o obxectivo será o control da resposta ventricular. Nas formas persistentes serán necesarias estratexias dirixidas a restablecer o ritmo sinusal e a mantelo.

Figura 6: clasificación da fibrilación auricular.



Avaliación do risco tromboembólico e hemorráxico

O risco tromboembólico non é igual en todos os pacientes con FA, é polo tanto importante identificar aqueles pacientes cun maior risco porque son os que se benefician do tratamento profiláctico antitrombótico.

As estratexias terapéuticas que demostraron reducir o risco embólico baséanse en tratamento anticoagulante oral (TAO) ou en tratamento antiagregante. A TAO é claramente superior ao placebo e á terapia antiagregante, e esta última presenta un leve beneficio sobre o placebo.

Dentro dos pacientes con FA debemos diferenciar dous grandes grupos: a FA valvular e a FA non valvular. O termo FA valvular fai referencia a aqueles pacientes que pola súa enfermidade valvular presentan un elevado risco tromboembólico, coñecido xa de antigo, e que por este motivo foi excluído de forma sistemática dos ensaios clínicos que nas últimas décadas compararon a terapia antitrombótica con placebo. Por **FA valvular** entendemos aqueles casos de FA **asociada a valvulopatía reumática (fundamentalmente estenose mitral) e a próteses valvulares cardíacas. O resto de pacientes englábanse dentro do grupo de FA non valvular.**

Na **FA valvular**, a indicación de TAO é indiscutible, e polo tanto non é necesaria a presenza doutras condicións clínicas para indicar o devandito tratamento.

Na **FA non valvular** o risco de sufrir un evento tromboembólico non é homoxéneo en todos os pacientes, polo que é necesario estratificar o risco utilizando escalas.

A escala CHADS2 é a máis amplamente utilizada para avaliar o risco tromboembólico.

CHADS2	Descrición	Puntos
C (Conxestiva heart failure)	Historia de insuficiencia cardíaca conxestiva recente	1
H (Hypertensión)	Historia de hipertensión	1
A (Age)	Idade \geq 75 anos	1
D (Diabete mellitus)	Historia de diabetes mellitus	1
S (Stroke)	Historia de ictus/AIT	2
Puntuación total		6

Existe consenso xeneralizado en que se a puntuación é igual ou maior a 2 o risco tromboembólico é alto e débese formular tratamento anticoagulante.

Unha puntuación de 0 ou 1 indican risco baixo ou intermedio e neste caso a recomendación non dispón de tanta evidencia. Nestes pacientes recoméndase utilizar a escala CHA2DS2-VASc, proposta pola *European Society of Cardiology*, e que permite discriminar mellor o risco nestes pacientes, xa que introduce outros factores de risco contrastados non considerados na escala CHADS2.

CHA2DS2-VASc	Descrición	Puntos
C (Conxestiva heart failure)	Historia de insuficiencia cardíaca conxestiva recente	1
H (Hypertensión)	Historia de hipertensión	1
A (Age)	Idade \geq 75 anos	2
D (Diabete mellitus)	Historia de diabetes mellitus	1
S (Stroke)	Historia de ictus/AIT	2
V (Vascular disease)	Enfermidade vascular clínica	1
A (Age 65-74)	Idade 65-74 anos	1
S (sex)	Sexo feminino	1
Puntuación total		9

Recoméndase TAO en pacientes con puntuación igual ou maior de 2 na escala CHA2DS2-VASc.


En pacientes con puntuación de 1 nesta escala recoméndase TAO ou terapia antiagregante, con preferencia pola TAO.

En pacientes con puntuación 0 nesta segunda escala recoméndase non realizar tratamento antitrombótico ou terapia antiagregante, con preferencia a non realizar tratamento antitrombótico.

En mulleres con idade inferior a 65 anos, sen outros factores de risco, a recomendación é a mesma que para pacientes con puntuación 0.

Na figura 7 representa un fluxograma que trata de resumir estas recomendacións sobre o tratamento antitrombótico en pacientes con FA.

Figura 7. Recomendacións de tratamento antitrombótico en FA.



Ademais de avaliar o risco tromboembólico debemos valorar o risco de sangrado, xa que esta é unha complicación que se asocia ao tratamento tromboembólico. Recoméndase utilizar para iso a escala HASBLED proposta pola *European Society of Cardiology*.

HAS-BLED	Descrición	Puntos
H (Hypertensión)	HTA non controlada con PAS \geq 160 mm Hg	1
A (abnormal kidney or liver function)	Anormalidade en probas función renal (diálise, transplante, creatinina $>2,3$ mg/dl) ou hepática (cirrose ou bilirrubina >2 veces ou transaminases 3 veces o límite superior de normalidade)	1 ou 2
S (Stroke)	Historia de ictus/AIT	1
B (Bleeding)	Historia de sangrado, anemia ou predisposición ao sangrado.	1
L (Labile INR)	INR $<60\%$ do tempo en rango terapéutico	1
E (Elderly)	Idade \geq 65 anos	1
D (Drugs/alcohol)	Fármacos que favorezan hemorraxia (aas, clopidogrel, AINEs) e/ou consumo de \geq 8 bebidas alcólicas por semana	1 ou 2
Puntuación total		9

Para poder determinar de forma precisa a puntuación nesta escala é necesario dispoñer dunha **analítica recente** que inclúa probas de función renal e hepática, en caso de non dispoñer dela é necesario solicitala (hemograma, bioquímica básica con glicemia, función renal e hepática, estudo básico de coagulación e TSH). A presenza dunha puntuación igual ou maior a 3 indica un risco elevado de sangrado polo que se recomenda valorar idoneidade do tratamento antitrombótico e en caso de adminístralo realizar un seguimento máis estreito do paciente e intentar corrixir aqueles factores que poidan ser reversibles (HTA, INR lábil, fármacos, alcohol).

Con esta avaliación finaliza a primeira fase do proceso na que se estableceu o diagnóstico e se determinou o risco do paciente e deberiamos ser capaces de completar seguinte *check-list*.


Check-list

Diagnóstico ECG	SI / NON
FC	
TA	
GRAO EHRA	I / II / III/ IV
Criterios inestabilidade hemodinámica	SI / NON
Duración FA < 48 horas	SI / NON-NS
Forma de FA	Primeiro diagnóstico Paroxística Persistente Persistente >1 ano Permanente
Puntuación CHADS2	
Puntuación CHA2DS2 VASc se CHADS2 <2	
Puntuación HAS-BLED	
Tratamento antitrombótico seleccionado	TAO Antiagregación Ningún

Con esta información pódense tomar as decisións axeitadas para o manexo do paciente e que se resumen na seguinte árbore de decisión.

PROCESO DE FIBRILACIÓN AURICULAR

Figura 8. Fluxograma que determina o lugar de manexo da FA tras o seu diagnóstico.



- (1)
- Descenso sintomático da presión arterial (PA) de 30 mmHg respecto á previa ou PAS/D < 90/50 mmHg.
 - Repercusión orgánica severa:
 - . Anxina de peito
 - . Insuficiencia respiratoria
 - . Insuficiencia cardíaca grave
 - . Compromiso da circulación periférica, con oligoanuria, frialdade cutánea, diminución do nivel de conciencia ou acidose láctica
 - Signos electrocardiográficos de isquemia aguda

. INSTAURACIÓN de
TRATAMIENTO ÓPTIMO .



INSTAURACIÓN DE TRATAMIENTO ÓPTIMO

Dentro desta fase do proceso existen tres aspectos básicos para considerar.

1. Profilaxe tromboembólica
2. Control de frecuencia ventricular
3. Control do ritmo.

Profilaxe tromboembólica

O primeiro paso consistirá en determinar o risco tromboembólico e en función deste decidir a estratexia máis axeitada para cada caso, e para iso seguirase a árbore de decisión proposta na figura 6. É importante destacar que o risco dun embolismo sistémico non é inferior nos pacientes con FA paroxística que nas formas persistente ou permanente e polo tanto a decisión terapéutica será a mesma para todas as formas de FA. A mesma consideración debemos realizala para o flutter auricular, xa que neste caso as guías de práctica clínica recomentan manexar este aspecto do tratamento do mesmo xeito que nos pacientes con FA.

Tratamento anticoagulante oral (TAO)

Ata hai pouco tempo os antivitaminas K (AVK), acenocumarol (Sintrom®) e warfarina (Aldocumar®), constituían a única opción terapéutica neste tipo de situacións. Actualmente dispoñemos de novos anticoagulantes orais (NACO) tales como o inhibidor directo da trombina dabigatrán etexilato (Pradaxa®), e os inhibidores directos do factor X activado rivaroxabán (Xarelto®) e apixabán (Eliquis®), que demostraron un beneficio-risco favorable en diversas condicións clínicas nas que está indicada a anticoagulación. Outros inhibidores do factor X activado como o edoxaban, tamén demostraron este beneficio e é previsible que nun período razoable de tempo poida estar tamén dispoñible. O termo NACO, que fai referencia aos novos anticoagulantes orais, parece un termo destinado a desaparecer co paso do tempo por razóns obvias. Non obstante dado que o seu uso se xeneralizou propónse que se manteña, aínda que como o acrónimo de *Non Avk Oral Anticoagulants*. Por este motivo neste texto referirémonos a este grupo de fármacos con este acrónimo.

Os estudos realizados con estes NACO excluíron os pacientes con **FA valvular**, polo que **estes fármacos non constitúen unha opción terapéutica neste grupo de pacientes**. Polo tanto no momento actual **dispoñemos de diferentes opcións terapéuticas á hora de formular a TAO** en pacientes **con FA non valvular**. A utilización dos NACO está regulada por un documento elaborado polo Ministerio de Sanidade e Consumo: **criterios e recomendacións xerais para o uso de novos**

anticoagulantes orais (NACO) na prevención do ictus e a embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular non valvular. Neste documento fórmulase que: *no momento actual, xorde a necesidade de establecer unhas recomendacións de uso para os NACO, identificar aqueles pacientes nos que as vantaxes destes novos tratamentos sexan maiores e asegurar que o incremento do número de pacientes tratados se produce dunha forma prudente e compasada co coñecemento científico sobre estes medicamentos. Así mesmo, debe terse en conta o impacto orzamentario da substitución dos AVK polos NACO, que aconsella dispoñer dunha análise que identifique os grupos de pacientes prioritarios para estes novos tratamentos e permita así establecer unha estratexia racional para o seu uso no Sistema Nacional de Saúde (SNS) nas indicacións autorizadas.* Por este motivo as indicacións que se propoñen axustaranse a estas recomendacións.

Indicacións de tratamento con AVK

1. Inicio tratamento en pacientes con FA non valvular nos que está indicada a anticoagulación.
2. Tratamento en pacientes con FA valvular.
3. Pacientes xa tratados con AVK que presenta un bo control de INR.

Indicacións de tratamento con NACO

1. Pacientes con hipersensibilidade coñecida ou contraindicación específica ao uso de AVK.
2. Pacientes con antecedentes de hemorraxia intracranial (agás na fase aguda).
3. Pacientes que sufriron un ictus isquémico e que presentan criterios clínicos e de neuroimaxe de alto risco de hemorraxia intracranial: HAS-BLED \geq 3, e polo menos un dos seguintes: leucoaraiose grao III-IV e/ou microsangrados corticais múltiples.
4. Pacientes en tratamento con AVK que sofren episodios tromboembólicos arteriais graves a pesar dun bo control de INR.
5. Pacientes que iniciaron tratamento con AVK nos que non é posible manter un control de INR dentro de rango (2-3) a pesar dun bo cumprimento terapéutico. Considerarase que o control de INR é inadecuado cando a porcentaxe de tempo en rango terapéutico (TRT) sexa inferior ao 65%, calculado polo método de Rosendaal. Nos casos nos que este método non estea dispoñible, considerarase que o control de INR é inadecuado cando

a porcentaxe de valores de INR dentro de rango terapéutico sexa inferior ao 60%. En calquera dos supostos, o período de valoración é de polo menos os últimos 6 meses, excluindo os INR do primeiro mes (en caso de axuste inicial de dose) ou períodos de cambio debidos a intervencións cirúrxicas ou dentais ou outros procedementos invasores etc. que leven consigo a modificación da pauta de AVK.

6. Imposibilidade de acceso ao control de INR convencional.

Contraindicacións da TAO (tanto para AVK coma para NACO)

Algunhas non son contraindicacións absolutas e débense valorar individualmente no contexto do balance risco/beneficio. Noutros casos pódense valorar alternativas terapéuticas como a utilización de heparinas como anticoagulante durante o embarazo, en especial durante o primeiro trimestre.

1. Pacientes que non colaboren e non estean baixo supervisión. Por exemplo: pacientes con deterioración cognitiva significativa, alcohólicos ou con trastornos psiquiátricos, non supervisados.
2. Embarazo.
3. Hemorrxia aguda (polo menos durante as 2 primeiras semanas tras o episodio), incluíndo hemorrxia gastrointestinal, intracranial, uroxenital ou do sistema respiratorio, pericardite aguda, derramos pericárdicos e endocardite infecciosa.
4. Intervencións cirúrxicas recentes ou previstas no SNC.
5. Hipertensión grave e/ou non controlada.
6. Enfermidades hepáticas ou renais graves (polo risco de sangrado).
7. Alteración da hemostase (coagulación, fibrinólise, función plaquetaria) hereditaria ou adquirida con risco clinicamente relevante de hemorrxia: hepatopatía asociada a coagulopatía; diátese hemorráxica ou discrasia sanguínea hemorráxica; trombocitopenias con recontos plaquetarios inferiores a 50.000/mm³; aumento da actividade fibrinolítica (p. ex. tras operacións de pulmón, próstata, útero etc.); tratamento concomitante con fibrinolíticos.
8. En pacientes encamados cun grao de dependencia grave, índice Barthell <35.

Características, posoloxía, contraindicacións dos NACO.

	Pradaxa (dabigatran)	Xarelto (rivaroxaban)	Eliquis (Apixaban)
Indicación	<p>Prevenção do ictus e da embolia sistémica en pacientes adultos con FA non valvular, con un ou máis dos seguintes factores de risco:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ictus, AIT ou embolia sistémica (É) previos. • Fracción de exceción ventricular esquerda <40%. • Insuficiencia cardíaca sintomática ≥ Clase 2 escala (NYHA). • Idade ≥ 75 anos. • Idade ≥ 65 anos asociada a un dos seguintes: diabetes mellitus, enfermidade coronaria ou HTA. 	<p>Prevenção do ictus e da embolia sistémica en pacientes adultos con fibrilación auricular non valvular, con un ou máis factores de risco, como por exemplo, insuficiencia cardíaca conxestiva, hipertensión, idade ≥ 75 anos, diabetes mellitus, ictus ou ataque isquémico transitorio previos.</p>	<p>Prevenção do ictus e da embolia sistémica en pacientes adultos con fibrilación auricular non valvular, con un ou máis factores de risco, como por exemplo, ictus ou ataque isquémico transitorio previos, idade ≥ 75 anos hipertensión, diabetes mellitus, insuficiencia cardíaca conxestiva.</p>
Posoloxía habitual	150 mg c / 12 horas	20 mg c / 24 horas	5 mg c / 12 horas
Axuste de dose	<p>110 mg BID en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Idade ≥ 80 anos. • Insuficiencia renal moderada (ACr: 30-49 ml/min) e/ou idade 75-79 anos cando o risco hemorráxico é alto (ex: peso <50 kg, AAS, AINE, clopidogrel etc.). • Tratamento con verapamil. 	<p>15 mg OD en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Insuficiencia renal moderada (ACr: 30-49 ml/min). • Insuficiencia renal grave (ACr: 15-29 ml/min). 	<p>2,5 mg BID en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pacientes con insuficiencia renal grave (ACr: 15-29 ml/min). • Pacientes con polo menos 2 dos seguintes criterios: Idade ≥ 80 anos. Peso corporal ≤ 60 kg. Creatinina sérica ≥ 1,5 mg/dl (133 micromol/l).

	Pradaxa (dabigatran)	Xarelto (rivaroxaban)	Eliquis (Apixaban)
Contraindicacións específicas	<p>Alerxia ao principio activo ou excipientes (colorante amarelo alaranxado L-110). Insuf. renal grave (ACr <30 ml/min).</p> <p>Hemorragia activa clinicamente significativa.</p> <p>Lesión ou enfermidade con risco significativo de hemorragia maior.*</p> <p>Tto. concomitante con calquera outro fármaco anticoagulante como a heparina non fraccionada (HNF), heparina de baixo peso molecular fármacos similares á heparina anticoagulantes orais agás baixo circunstancias de cambio de terapia dende/cara a dabigatrán, ou cando a HNF se dá a doses necesarias para manter a permeabilidade dun catéter arterial ou venoso central.</p> <p>Insuficiencia ou enfermidade hepática que poida afectarlle á supervivencia.</p> <p>Administración concomitante con ketoconazol por vía sistémica, ciclosporina, itraconazol, tacrolimus e dronedarona.</p> <p>Pacientes con próteses valvulares cardíacas.</p>	<p>Alerxia ao principio activo ou excipientes (lactosa monohidrato). Hemorragia activa clinicamente significativa.</p> <p>Lesión ou enfermidade con risco significativo de hemorragia maior.*</p> <p>Tto. concomitante con calquera outro fármaco anticoagulante como a heparina non fraccionada (HNF), heparina de baixo peso molecular fármacos similares á heparina anticoagulantes orais (ex.: warfarina, apixabán, dabigatrán), agás baixo circunstancias de cambio de terapia dende/cara a rivaroxabán, ou cando a HNF se dá a doses necesarias para manter a permeabilidade dun catéter arterial ou venoso central.</p> <p>Hepatopatía asociada a coagulopatía e con risco clinicamente relevante de hemorragia, incluída a paciente cirrótica con Child Pugh B e C.</p> <p>Embarazo e lactación.</p>	<p>Alerxia ao principio activo ou excipientes (lactosa monohidrato).</p> <p>Hemorragia activa clinicamente significativa.</p> <p>Lesión ou enfermidade con risco significativo de hemorragia maior.*</p> <p>Hepatopatía asociada a coagulopatía e con risco clinicamente relevante de hemorragia.</p> <p>Tratamento concomitante con calquera outro fármaco anticoagulante como a heparina non fraccionada (HNF), heparina de baixo peso molecular (enoxaparina, dalteparina etc.), fármacos similares á heparina (fondaparinux etc.) anticoagulantes orais (ex.: warfarina, rivaroxabán, dabigatrán), agás baixo circunstancias de cambio de terapia dende/cara a apixabán, ou cando a HNF se dá a doses necesarias para manter a permeabilidade dun catéter arterial ou venoso central.</p>

	Pradaxa (dabigatran)	Xarelto (rivaroxaban)	Eliquis (Apixaban)
Precaucións especiais	<p>Avaliar función renal: antes de iniciar tratamento: co fin de excluír pacientes con insuficiencia renal grave (é dicir, ACr <30 ml/min).</p> <p>Durante o tratamento: como mínimo unha vez ao ano ou máis frecuentemente se hai sospeita de deterioración renal (ex.: hipovolemia, deshidratación, medicacións nefrotóxicas). Estreita monitorización clínica en situacións de alto risco de sangrado.</p>	<p>Non recomendado en ACr <15 ml/min nin en insuficiencia hepática severa.</p>	<p>Non recomendado en ACr <15 ml/min nin en insuficiencia hepática severa. Probas de función hepática antes de iniciar o tratamento. Uso con precaución en pacientes con ALT/AST >2 xLSN ou bilirrubina total > 1,5xLSN</p>

Inicio da TAO

Previa á indicación de TAO, debeu avaliarse o risco tromboembólico e hemorráxico, **e é imprescindible informar o paciente dos potenciais riscos e beneficios deste tratamento, así como insistir na importancia dunha correcta adherencia.**

No caso de **iniciar TAO con AVK** débese solicitar interconsulta ao Servizo de Hematoloxía. No tempo ata que o paciente é valorado neste servizo pódese iniciar tratamento anticoagulante con heparinas de baixo peso molecular (HBPM). O obxectivo terapéutico en pacientes tratados con AVK será manter un INR entre 2 e 3, e intentarase que o tempo en que o paciente estea dentro deste rango sexa superior ao 60%. Recoméndase avaliar o tempo en rango terapéutico cada 6 meses.

As HBPM pautadas ao inicio do tratamento utilizaranse na dose recomendada para o tratamento da trombose profunda. Antes de iniciar o tratamento é necesario determinar a función renal.

	Bemiparina (Hibor®)	Dalteparina (Fragmin®)	Enoxaparina (Clexane®)	Nadroparina (Fraxiparina®)	Tinzaparina (Innohep®)
Dose recomendada	115 UI/Kg/día	100 UI/Kg/12 h ou 200 UI/kg/día	100 UI/Kg/12 horas ou 150 UI/Kg/día	85,5 UI/Kg/12 h ou 171 UI/kg/día	175 UI/Kg/día
FGE <30 ml/min/1,72 m ²	Utilizar con precaución	Axustar dose en función do nivel terapéutico anti-Xa	100 UI/kg/24 horas	Reducir dose 25-33%	Monitorizar niveis terapéuticos anti-Xa

Por comodidade de dosificación faise a seguinte proposta para tratamento con enoxaparina.

Enoxaparina (Clexane®)	FGE >30 ml/min 1,72 m ²	FGE <30 ml/min 1,72 m ²
<40 kg	Clexane® 20 / 12 h	Clexane® 20 / 24 h
40-60 kg	Clexane® 40 / 12 h	Clexane® 40 / 24 h
60-80 kg	Clexane® 60 / 12 h	Clexane® 60 / 24 h
80-100 kg	Clexane® 80 / 12 h	Clexane® 80 / 24 h
>100 kg	Clexane® 100 / 12 h	Clexane® 100 / 24 h

No caso de **indicar TAO con NACO** é necesario dispoñer dunha avaliación da función renal e hepática previa. Neste caso e dado o seu rápido comezo de acción, **non é necesaria a terapia ponte con heparinas de baixo peso molecular**. Ao non ser necesarios os controis de coagulación que nos indicarían se o tratamento é correcto ou non, é de especial importancia insistir nestes casos na correcta cumpriméntación terapéutica.

Tratamento antiagregante

En pacientes con risco tromboembólico intermedio ou baixo, **CHA2DAS2-VASc <2**, o tratamento antiagregante pode ser unha alternativa. O tratamento con aspirina en pacientes con FA non valvular en sete ensaios clínicos comparados con placebo, reduciu de forma significativa a incidencia de ictus, aínda que nunha magnitude menor que os AVK, 19% fronte a 65%. A dose de aspirina uti-

lizada nestes ensaios foi moi heteroxénea, dende 50 ata 1300 mg/día. Se temos en conta este aspecto, que o risco de hemorraxia con aspirina aumenta ao incrementar a dose, e que dende un punto de vista farmacolóxico cunha dose de 75 mg/día se consegue unha inhibición plaquetaria case completa, parece razoable recomendar unha dose de **100 mg/día de aspirina**, naqueles casos nos que se indique profilaxe tromboembólica con antiagregantes.

A dobre terapia antiagregante con aspirina e clopidogrel en profilaxe tromboembólica de pacientes con FA foi testada fronte a AVK e a aspirina. Esta estratexia demostrou ser menos eficaz que a baseada en AVK na prevención de eventos embólicos e superior á aspirina, aínda que cun risco maior de hemorraxia, similar ao observado con AVK. Polo tanto esta estratexia non é unha alternativa á TAO en pacientes de alto risco e o exceso de hemorraxias desaconsella o seu uso en pacientes de baixo risco, polo que podería contemplarse como alternativa en pacientes con risco hemorráxico baixo e embólico moderado nos que non poida prescribirse TAO.

Control da frecuencia ventricular

En xeral en pacientes con FA e que non reciben tratamento a frecuencia cardíaca adoita ser elevada, e esta xunto coa irregularidade do ritmo, poden provocar síntomas, polo que conseguir un axeitado control da resposta ventricular é un obxectivo terapéutico neste tipo de pacientes. Dende un punto de vista práctico dividiremos o control de frecuencia en control agudo e control crónico.

Control agudo de resposta ventricular

A forma de conseguir o control da frecuencia ventricular dependerá da FC basal e dos síntomas acompañantes.

En determinadas situacións o control realizarase con fármacos endovenosos e polo tanto os pacientes deben ser derivados, ao servizo de Urgencias:

1. Presente inestabilidade hemodinámica
 - a. Descenso sintomático da presión arterial (PA) de 30 mm Hg respecto á anterior ou PAS/D <90/50 mm Hg.
 - b. Repercusión orgánica severa:
 - i. Anxina de peito.
 - ii. Insuficiencia respiratoria.
 - iii. Insuficiencia cardíaca grave.


- iv. Compromiso da circulación periférica, con oligoanuria, frialdade cutánea, diminución do nivel de conciencia ou acidose láctica.
- c. Signos electrocardiográficos de isquemia aguda.
- 2. Presente FC >120 lpm ou <50 lpm e síntomas.
- 3. Presente síntomas importantes.

No resto de casos o control pódese realizar con fármacos por vía oral e polo tanto poden ser manexados ambulatoriamente, sendo de primeira elección os betabloqueantes ou os calcioantagonistas non dihidropiridínicos.

Control crónico de frecuencia ventricular

O primeiro aspecto que se debe contemplar é o obxectivo de FC que se quere alcanzar. En pacientes asintomáticos ou con síntomas leves propónse un obxectivo laxo de FC en repouso <110 lpm, e en pacientes con síntomas moderados ou severos pódese formular un obxectivo máis estrito de FC en repouso <80 lpm e <110 lpm durante o exercicio.

Figura 9: obxectivos de control da frecuencia cardíaca en pacientes con FA.




O método para determinar este obxectivo é a realización dun ECG en repouso unha vez iniciado o tratamento farmacolóxico. Se a FC é inferior a 110 lpm e o paciente se encontra practicamente asintomático (Grao EHRA I ou II), pódese considerar óptimo o grao de control de resposta ventricular. Se persisten síntomas moderados ou graves (grao EHRA III ou IV) pódese intensificar a terapia coa intención de conseguir un control máis estrito, con FC en repouso <80 lpm e

<110 lpm durante o exercicio. Nestes casos de control estrito pode ser recomendable a realización de estudo Holter de 24 horas, co obxecto de valorar o grao de control da resposta ventricular e evitar bradicardias. En caso de bo control de frecuencia en repouso e síntomas moderados a severos durante o exercicio pode ser recomendable realizar unha proba de esforzo para determinar o grao de control da resposta ventricular durante o exercicio.

A selección do fármaco que se vai utilizar para conseguir o control da resposta ventricular virá determinada por distintas características do paciente. En xeral prefírense fármacos betabloqueantes e calcioantagonistas non dihidropiridínicos (diltiazem e verapamil), sobre a digoxina, xa que esta última controla mal a resposta ventricular durante o exercicio. En pacientes con escasa actividade física a digoxina pode constituír unha opción de tratamento. En caso de non conseguir control cun só fármaco poderíase valorar asociar digoxina a betabloqueante ou calcioantagonista, e non se debe asociar betabloqueante e calcioantagonista non dihidropiridínico.

A amiodarona enlentece a condución no nodo AV e reduce a frecuencia cardíaca en pacientes con FA. Pero dados os seus efectos secundarios non se considera nunca como alternativa de primeira liña para o control da resposta ventricular en pacientes con FA. Non obstante pode ser unha alternativa de segunda liña en casos nos que os fármacos de primeira liña non poidan ser utilizados.

Na figura 10 propónse unha árbore de decisión para a selección do fármaco para o control da resposta ventricular.



Fármacos para o control da frecuencia cardíaca

	Administración endovenosa	Administración oral
Betabloqueantes		
Metoprolol	Bolo iv 2,5-5 mg en 2 min, ata 3 doses	100-200 mg/día
Bisoprolol	Non dispoñible	2,5-10 mg/día
Atenolol	Non dispoñible	25-100 mg/día
Esmolol	Perfusión iv 50-200 µg/kg/min	Non dispoñible
Propranolol	Bolo iv 0,15 mg/kg en 1 min	10-40 mg/ 8 horas
Carvedilol	Non dispoñible	3,125-25 mg/12 horas
Calcioantagonistas non dihidropiridínicos		
Verapamil	Bolo iv 0,0375-0,15 mg/kg en 2 minutos	40 mg/12 horas ata 360 mg/24 h (liberación sostida)
Diltiazem	Non dispoñible	60 mg/8 horas, 360 mg/24 h (liberación sostida)
Dixitálicos		
Digoxina	Bolo iv inicial de 0,25- 0,5 mg, repetir cada 4-6 horas, ata 0,75-1,25 mg	0,125-0,25 mg/día
Outros		
Amiodarona	5 mg/kg en 1 hora, seguido de perfusión 50 mg/hora	100-200 mg/24 horas

Control de ritmo

Unha estratexia de control de ritmo na que se formule restablecer e manter o ritmo sinusal prefírese en determinados grupos de pacientes. Este tipo de estratexia non demostrou ser superior en termos de redución de mortalidade ou hospitalizacións en comparación coa estratexia de control da resposta ventricular. Por este motivo o control do ritmo prefírese en pacientes, especialmente novos, con FA paroxística, nos que a arritmia se autolimita e en pacientes que persisten sintomáticos a pesar dun axeitado control da resposta ventricular. Outro aspecto para ter en conta é que determinados factores incrementan o risco recorrencia de FA, como son o tempo de evolución da arritmia, a dilatación auricular auri-

cula, ou as recorrencias múltiples a pesar do tratamento antiarrítmico. É tamén importante ter en conta a elección do paciente, que entenderá e asumirá que unha estratexia de control de ritmo non evita en moitos casos o tratamento ACO, a necesidade de fármacos antiarrítmicos e a posibilidade de ter que realizar algunha cardioversión durante o seguimento. Non é posible establecer unhas indicacións claras de cando debe utilizarse unha ou outra estratexia, pero si se poden realizar recomendacións.

Recomendacións de control de ritmo

- Síntomas relacionados coa FA a pesar do axeitado control de resposta ventricular, EHRA III-IV (insuficiencia cardíaca, síncope, anxina...).
- Pacientes novos sintomáticos nos que a ablación con catéter non se descartou.
- Pacientes con FA secundaria a causas desencadeantes corrixibles (isquemia, hipertiroidismo, infección...).
- FA paroxística na que os episodios se autolimitan.
- Elección do paciente.

Recomendacións de control de resposta ventricular

- Pacientes de idade avanzada escasamente sintomáticos, EHRA I-II, tras axeitado control de resposta ventricular.
- FA longa duración (>1 ano).
- Recorrencias tras utilizar máis de 2 fármacos antiarrítmicos.
- Recorrencias frecuentes que obrigan máis de 2 cardioversións eléctricas
- Recaída precoz (<1 mes) tras cardioversión e en tratamento antiarrítmico.
- Valvulopatía mitral.
- Aurícula esquerda dilatada (>55 mm).
- Elección do paciente.

A estratexia de control de ritmo considera dúas fases, unha primeira na que se restablece o ritmo sinusal e unha segunda na que se intenta manter este ritmo.

Cardioversión

O restablecemento do ritmo sinusal pódese realizar con fármacos, cardioversión farmacolóxica, ou mediante un choque eléctrico sincronizado, cardioversión


eléctrica, sendo ambas as dúas eficaces en diferentes escenarios. Con independencia da terapia que se vai utilizar deberemos ter en conta que a cardioversión pode comportar un risco de embolismo sistémico, polo tanto antes de formula-la é necesario valorar algúns aspectos co obxecto de minimizar este risco. En FA de curta evolución (<48 h) pódese asumir que o risco embólico é baixo e poderíase formular realizar a cardioversión. Se o tempo de evolución é superior a 48 horas, ou é descoñecido, o risco embólico non é baixo e polo tanto só debe levarse a cabo en pacientes que estean baixo tratamento ACO por un período superior a 3 semanas. A realización dun ecocardiograma transesofáxico (ETE), no que se descarte a presenza de trombos intracardiacos, permite acurtar este período de tempo nalgúns casos. Tamén pode ser recomendable realizalo antes dunha cardioversión en FA de curta duración (<48 horas) en pacientes con valvulopatía mitral reumática non anticoagulados de forma previa, durante un período de tempo superior a 3 semanas. En situacións de inestabilidade hemodinámica grave que pon en risco a vida do paciente estas consideracións non son válidas.

Indicacións de ecocardiograma transesofáxico anterior á cardioversión:

- FA de >48 horas ou de tempo de evolución non coñecido, en paciente sen tratamento ACO previo (>3 semanas) no que non se quere demorar a cardioversión.
- Valorar a súa realización en FA <48 horas na que se formula cardioversión en paciente con valvulopatía mitral reumática coñecida, sen tratamento ACO previo (>3 semanas).

A eficacia da cardioversión farmacolóxica diminúe a medida que aumenta a duración da FA, sendo especialmente eficaz en FA de curta duración (<7 días). En situacións de inestabilidade hemodinámica e FA de evolución prolongada prefírese á cardioversión eléctrica. Tamén se prefire a cardioversión eléctrica cando a cardioversión farmacolóxica non foi eficaz, e desaconséllase utilizar un segundo fármaco antiarrítmico cando fracasou o primeiro. Existen diferentes fármacos antiarrítmicos que demostraron a súa eficacia no restablecemento do ritmo sinusal e a selección dun ou outro depende fundamentalmente das características do paciente e da presenza ou non de cardiopatía estrutural de base.

Na figura 11 propónse unha árbore de decisión para a cardioversión en FA de curta duración.




Mantemento do ritmo sinusal

Tras o restablecemento do ritmo sinusal é necesario formular unha estratexia dirixida a manter o ritmo sinusal. Dispoñemos de fármacos antiarrítmicos e da ablación con catéter como estratexias para manter o ritmo sinusal. Temos que ter en conta que o motivo para utilizar estas estratexias é reducir os síntomas asociados ás recorrencias.

Fármacos antiarrítmicos para profilaxe de FA

É importante destacar que a eficacia dos fármacos antiarrítmicos para manter o ritmo sinusal é modesta, e reducen máis que evitan as recorrencias. Por outra parte todos eles teñen un risco de proarritmia asociado e polo tanto á hora de formular o seu uso deben primar os criterios de seguridade sobre os de eficacia. Parece razoable formular polo tanto o seu uso en pacientes con recorrencias sintomáticas, EHRA III e IV, e non son recomendables en pacientes con recorrencias infrecuentes e pouco sintomáticas, EHRA I e II. No caso de que un fármaco antiarrítmico non sexa eficaz é razoable esperar que un segundo fármaco diferente poida selo. A selección do fármaco que se vai utilizar dependerá da presenza de cardiopatía estrutural e do tipo desta.

Na figura 12 propónse unha árbore de decisión para a selección do fármaco antiarrítmico.



Fármacos para control de ritmo cardíaco

Fármaco	Dose	Contraindicacións	Achados ECG que obrigan a discontinuar o fármaco
Flecainida	50-100 mg/12 horas	FGE <50 ml/min/1,72 m ² , cardiopatía isquémica e disfunción sistólica. Precaución se existen trastornos de conducción.	Incremento duración QRS >25% con relación ao valor basal.
Propafenona	150-300 mg/8 horas	Cardiopatía isquémica e disfunción sistólica. Precaución se existen trastornos de conducción e insuficiencia renal.	Incremento duración QRS >25% con relación ao valor basal.

Fármaco	Dose	Contraindicacións	Achados ECG que obrigan a discontinuar o fármaco
Amiodarona	100-200 mg/24 horas	Precaución en uso combinado con fármacos que prolonguen QT e en IC. Debería reducirse dose de digoxina e AVK.	Duración QT >500 ms
Dronedarona	400 mg/12 horas	Insuficiencia cardíaca, FGE <30 ml/min/1,72 m ² , uso concomitantes con fármacos que prolonguen QT ou inhibidores potentes do CYP3A4. Debería reducirse dose de digoxina.	Duración QT >500 ms
Sotalol	80-160 mg/12 horas	Hipertrofia VI significativa, IC sistólica, QT basalmente prolongado, FGE <50 ml/min/1,72 m ² , hipopotasemia. Axuste coidadoso de dose en insuficiencia renal moderada.	Duración QT >500 ms

Ablación con catéter

Nos últimos anos desenvolvéronse técnicas de ablación con catéter para o tratamento da FA. Estas técnicas demostraron que en determinados grupos de pacientes poden ser máis eficaces que os fármacos antiarrítmicos na prevención da FA, non obstante as recorrencias tardías non son excepcionais, e como todo procedemento invasor non está exento de complicacións maiores. Ao igual que sucede cos fármacos antiarrítmicos o obxectivo do tratamento é a redución dos síntomas asociados a recorrencias e polo tanto débese formular en pacientes sintomáticos, EHRA > I, e preferiblemente III ou IV.

A ablación mostrouse máis eficaz que o tratamento antiarrítmico especialmente en estudos realizados con pacientes novos con FA paroxística, con mínima ou

nula cardiopatía estrutural, e baixo perfil para complicacións e tamén baixo risco embólico. Nestes casos seleccionados poderíase formular a ablación como alternativa terapéutica aos fármacos antiarrítmicos tendo en conta sempre a elección do paciente.

Outro escenario no que a ablación constitúe unha alternativa é o de pacientes nos que os fármacos antiarrítmicos fracasaron na prevención de recorrencias sintomáticas, de xeito especial cando existen recorrencias a pesar de tratamento con amiodarona. En moitos destes casos adoita existir unha cardiopatía subxacente, e de xeito especial cando existe insuficiencia cardíaca a probabilidade de manter o ritmo sinusal é menor e débese esperar un maior risco de complicacións asociadas ao procedemento. Polo tanto nestes casos é necesario realizar unha coidadosa avaliación anterior ao procedemento.

A evidencia científica dispoñible non permite establecer unhas indicacións claras de ablación pero si se poden identificar situacións nas que pode ser aconsellable:

- FA paroxística con recorrencias sintomáticas (EHRA > I, preferiblemente III-IV), en pacientes novos con mínima ou nula cardiopatía estrutural, con baixo risco tromboembólico (CHADS-VASC 0-1), como alternativa ao tratamento antiarrítmico, e tendo en conta a preferencia do paciente.
- Recorrencias sintomáticas (EHRA > I, preferiblemente III-IV) a pesar de fármacos antiarrítmicos, (>2 fármacos), tras avaliación de cardiopatía subxacente e tendo en conta a preferencia do paciente.

Na figura 13 propónse unha árbore de decisión para a selección de pacientes candidatos á ablación con catéter.

En todo paciente no que se formule unha ablación é necesario realizar unha valoración previa, na que se inclúa:


- Valoración clínica
- Información ao paciente de proles e contras do procedemento e valorar preferencia deste
- ECG
- Ecocardiograma

A ablación da FA dalgún modo asóciase cun incremento no risco de eventos tromboembólicos periprocedemento. Por iso a terapia con ACO está indicada en

todos os pacientes que van ser sometidos a este procedemento, con independencia do seu risco tromboembólico basal.

En pacientes que reciben terapia ACO con AVK recoméndase non suspendela para realizar o procedemento, xa que este se pode realizar dunha forma segura sempre que o INR se encuentre dentro dun rango de 2-2,5. En pacientes con risco tromboembólico alto recoméndase manter o tratamento ACO a longo prazo, con independencia do resultado inicial da ablación, polo risco de recorrencias tardías.

A evidencia con NACO neste escenario é limitada. Nalgúns estudos non randomizados observouse un lixeiro incremento no risco de eventos tromboembólicos periprocedemento. O risco de suspender temporalmente a terapia con NACO de forma previa ao procedemento, é descoñecido. Naqueles casos nos que se suspendesen o reinicio precoz parece unha estratexia razoable.



· SEGUIMIENTO e
PREVENCIÓN de
EVENTOS CV.



SEGUIMIENTO E PREVENCIÓN DE EVENTOS CV

Tras a avaliación clínica inicial e a instauración dun tratamento óptimo é necesario establecer un plan organizado do seguimento a longo prazo de pacientes con FA, co obxecto de previr posibles complicacións e identificalas e tratalas precozmente no caso de que aparezan.

Á hora de formular o **seguimento** debemos formular unha serie de consideracións:

1. Onde realizar o seguimento.
2. Periodicidade do seguimento.
3. Aspectos clínicos que se deben avaliar durante o seguimento.
 - a. Avaliación clínica.
 - b. Tratamento antitrombótico (reavaliar).
 - c. Grao de control de resposta ventricular en FA permanente.
 - d. Evolución de forma de FA en paroxística.
 - e. Identificar risco de proarritmia.

Aínda que non é posible establecer unha norma ríxida para determinar o nivel asistencial no que se debe realizar o seguimento pódense establecer recomendacións:

1. Seguimento en atención primaria de pacientes con avaliación inicial en Servizo de Cardioloxía nos que se formule unha estratexia de control de frecuencia cardíaca.
2. Seguimento en cardioloxía en pacientes nos que se formule unha estratexia de control de ritmo, para a que se utilicen fármacos antiarrítmicos ou ben sexan tratados mediante ablación con catéter.
3. Seguimento en cardioloxía, medicina interna, neuroloxía e outros servizos médicos, en pacientes que requiran o devandito seguimento por outras patoloxías cardiovasculares ou outras comorbilidades asociadas á FA.

Tampouco é posible establecer unha norma ríxida que regule a periodicidade do seguimento, pero parece razoable:

1. Un primeiro control tras a avaliación inicial é ter establecido un tratamento óptimo sería aconsellable nun prazo de 3 a 6 meses, para avaliar a eficacia do tratamento.

2. Un control, polo menos anual, parece razoable en todos os pacientes, en especial naqueles que reciben un tratamento farmacolóxico.
3. Un seguimento máis estreito será aconsellable en función das características do paciente e de aspectos relacionados co tratamento.

Avaliación clínica

Clasificación EHRA severidade clínica.

Grao EHRA	Manifestacións clínicas acompañantes á FA
Grao I	Sen síntomas
Grao II	Síntomas leves. A actividade diaria normal non está afectada
Grao III	Síntomas moderados. A actividade diaria normal está afectada
Grao IV	Síntomas incapacitantes. Interrómpese a actividade diaria normal

- Exploración física básica, na que se recollan as constantes vitais (TA, FC e t.^a) e dirixida a descartar signos de mala perfusión periférica (cianose, frialdade e sudación cutánea) e de insuficiencia cardíaca.
- Realización de ECG de 12 derivacións, en repouso, e baixo tratamento farmacolóxico, se é que o está a recibir.
- Analítica con hemograma, glicemia basal, creatinina, estimación de filtrado glomerular, probas de función hepática (albumina, bilirrubina e transaminases).

Tratamento antitrombótico

- Reavaliar CHADS2 e CHA2DS2-VASC en especial en pacientes nos que inicialmente non se formulou tratamento con ACO por risco baixo, por se este puidese modificarse (diagnóstico de HTA, DM, presenza de IC). Tamén importante en pacientes nos que se pautou tratamento con ACO para a realización de cardioversión, por se non estivese indicado mantelo de forma crónica.
- Reavaliar HASBLED en pacientes que estean a recibir tratamento con ACO, co obxecto de poder actuar sobre factores modificables, en especial grao de control de HTA, consumo de alcohol, e fármacos que poidan favorecer o risco de hemorraxia (AINE, AAS, clopidogrel).
- Reavaliar risco/beneficio e posibles contraindicacións.
- En pacientes en tratamento ACO con AVK. Aconsellable cada 6 meses.
 - Avaliación de eventos embólicos e hemorráxicos.

- Avaliación do grao no que se cumpriu e controlou o INR (n.º de determinacións INR dentro de rango terapéutico). Aconsellable avaliación cada 6 meses.
- En pacientes en tratamento ACO con NACO
 - Avaliación de eventos embólicos e hemorráxicos.
 - Avaliación do grao no que se cumpriu.
 - Reavaliación de indicación e dose en función de probas de función renal e hepática dependendo do fármaco utilizado e as súas recomendacións
 - Periodicidade dos controis:
 - Cada 12 meses se: FGE >60 ml/min/m² e <75 anos.
 - Cada 6 meses se: FGE 30-60 ml/min/m² ou >75 anos, ou paciente fráxil.
 - Cada 3 meses, sen FGE 15-30 ml/min/m² ou insuficiencia hepática.
 - Antes en situacións de risco de deterioración aguda de función renal (diarrea, febre...).

Grao de control de resposta ventricular

- Determinar FC en repouso mediante ECG de 12 derivacións realizado baixo tratamento farmacolóxico.
- Valorar grao de adecuación da FC en repouso ao obxectivo establecido de FC <110 lpm ou menor de 80 lpm.
- Axustar a dose de fármacos para conseguir obxectivo formulado.
- Valorar realización de Holter ou proba de esforzo en pacientes nos que se formulou un obxectivo de control estrito (<80 lpm) e que persisten con síntomas importantes (EHRA III ou IV).

Avaliación da forma de FA

- En especial valorar paso a FA persistente en pacientes con FA paroxística. Neste caso valorar a conveniencia de realizar cardioversión.
- Valorar número de episodios e síntomas asociados en pacientes con FA paroxística para determinar a eficacia de estratexia terapéutica (farmacolóxica ou ablación con catéter) utilizada e valorar necesidade de formular outra.

Identificar risco de proarritmia

- En especial en pacientes que reciben tratamento con fármacos antiaritmicos. Valorar síntomas suxestivos (palpitacións, síncope...). Valorar ECG, presenza de arritmias, e intervalo PR, duración QRS e QTc.

· TRATAMIENTO de
EVENTOS
CARDIOVASCULARES,
COMPLICACIONES e
DESCOMPENSACIONES .



TRATAMIENTO DE EVENTOS CARDIOVASCULARES, COMPLICACIONES E DESCOMPENSACIONES

Nesta fase o obxectivo é identificar as posibles complicacións que poidan aparecer no seguimento e tratalas da forma máis axeitada. Moitas destas complicacións cando son graves obrigarán á derivación do paciente ao servizo de urxencias para valorar o ingreso e noutros casos poderanse valorar de forma ambulatoria en consultas externas especializadas.

Considéranse **criterios de gravidade** que xustifican o manexo nos servizos de urxencias os seguintes:

- Descenso sintomático da presión arterial (PA) de 30 mm Hg respecto á pre-
via ou PAS/D <90/50 mm Hg.
- Repercusión orgánica severa:
 - Anxina de peito.
 - Insuficiencia respiratoria grave.
 - Insuficiencia cardíaca grave.
 - Compromiso da circulación periférica, con oligoanuria, frialdade cutánea,
diminución do nivel de conciencia ou acidose láctica.
 - Déficit neurolóxico agudo que faga sospeitar un ictus.
 - Síntomas ou signos que suxiran embolismo arterial periférico agudo.
- Signos electrocardiográficos de isquemia aguda.
- Síntomas ou signos que suxiran unha complicación hemorráxica grave.

No resto de complicacións ou eventos que non cumpran os anteriores criterios de gravidade poden ser manexados de forma ambulatoria, para o que se debe solicitar consulta no servizo correspondente. No caso do servizo de cardiología débese utilizar a vía da e.consulta ou ben contactar co cardiólogo consultor.

Complicacións relacionadas co tratamento antitrombótico

Cambio entre diferentes réximes de terapia antitrombótica

- Paso de AVK a NACO:
 - Depende do valor de INR basal.
 - INR <2 pódese iniciar de inmediato o tratamento con NACO.

INR 2-2,5: pódese iniciar NACO ao día seguinte de suspender AVK.

INR >2,5: repetir INR ata que valor sexa inferior*.

() É importante ter en conta a vida media do AVK utilizado para programar a seguinte determinación, para acenocumarol (sintrom), vida media 8-14 horas, para warfarina (aldocumar), vida media 36-42 horas.*

- Paso de anticoagulación parenteral a NACO

Heparina Na endovenosa (vida media 2 horas), pódese iniciar NACO unha vez se detivo a perfusión intravenosa*.

() Precaución en pacientes con insuficiencia renal crónica porque a eliminación de Heparina pode verse atrasada.*

HBPM pódese iniciar NACO no momento en que estaba prevista a seguinte dose de HBPM.

- Paso de NACO para o efecto terapéutico con AVK tarda uns días en conseguirse é necesario solapar ambos os dous tratamentos, da mesma forma que se fai no cambio de HBPM a AVK. O NACO suspenderase cando o INR se encontre dentro de rango terapéutico*.

() Os NACO en especial os inhibidores do factor Xa (rivaroxaban, apixaban e edoxaban) poden interferir no valor de INR, recoméndase medir o INR xusto antes da seguinte dose de NACO e repetir a medición 24 h despois da última dose de NACO, unha vez que o paciente xa só recibe AVK. É aconsellable seguimento estreito durante o primeiro mes de tratamento con AVK.*

- Paso de NACO a anticoagulación parenteral.

Pódese iniciar a perfusión de heparina Na ou a HBPM no momento que estivese programada a seguinte dose de NACO.

- Paso de NACO a NACO.

Pódese iniciar o novo NACO no momento no que estivese prevista a seguinte dose do NACO que se vai a substituír*.

() En situacións nas que é previsible que os niveis plasmáticos sexan superiores aos terapéuticos, en especial en situacións de insuficiencia renal crónica (filtrado glomerular estimado <50 ml/min/m²) pode ser razoable atrasar 24 horas o inicio do tratamento co novo*

NACO, en especial cando se cambia de dabigatran (Pradaxa), da dose de 20 mg de rivaroxaban (Xarelto), ou da dose de 5 mg de apixaban (Eliquis), a outro NACO.

- Paso de tratamento antiagregante a NACO

Pódese iniciar o NACO unha vez que se suspenda o tratamento antiagregantes con aspirina ou clopidogrel.

Interacción de TAO con dieta e fármacos

Existen múltiples compoñentes da dieta e fármacos que poden interaccionar co tratamento con AVK. O axuste da dose de AVK en función dos controis periódicos de INR permite en certa medida controlar este efecto.

No caso dos NACO as interaccións son menores pero a ausencia dun axuste de dose en función do efecto anticoagulante obtido obriga a coñecer estas interaccións e axustar a dose nalgúns casos.

A inxestión de alimentos non modifica a absorción de dabigatran (Pradaxa), apixaban (Eliquis), e edoxaban, polo que poden tomarse con independencia da comida. Non obstante no **caso do rivaroxaban (Xarelto) a súa absorción e biodispoñibilidade increméntese nun 39% cando se administra coas comidas, polo que se recomenda que se tome coas comidas.**

Evitar o consumo de pomelo e zume de pomelo en pacientes tratados con NACO por tratarse dun potente inhibidor de citocromo P450.

O dabigatran precisa dun medio ácido para a súa absorción, polo que os fármacos antiácidos (anti-H2 e inhibidores da bomba de protóns) poden orixinar pequenas reducións na súa biodispoñibilidade pero sen relevancia clínica, polo que poden administrarse conxuntamente.

Determinados fármacos, moitos deles utilizados para o tratamento da FA, poden modificar a farmacocinética os NACO. Na táboa seguinte recóllense as posibles interaccións e recomendacións. En cor azul mariño as combinacións que están contraindicadas ou non recomendadas, con fondo relado as situacións nas que se aconsella unha redución de dose, en azul celeste as combinacións nas que se aconsella reducir a dose no caso de que coexista outro factor azul celeste.

	Dabigatran (Pradaxa)	Rivaroxaban (Xarelto)	Apixaban (Eliquis)
Verapamil	Reducir dose e toma simultánea.	Mínimo efecto. Precaución FGE 15-30 ml/min/m ²	Non datos
Diltiazem		Mínimo efecto. Precaución se FGE 15-30 ml/min/m ²	+ 40%
Quinidina	+ 50%		Non datos
Amiodarona	+ 12-60%	Mínimo efecto. Precaución se FGE 15-30 ml/min/m ²	Non datos
Dronedarona			Non datos
Ketoconazol, itraconazol, voriconazol e posaconazol			
Fluconazol	Non datos	+42% en uso sistemático	Non datos
Ciclosporina, tacrólimus		+ 50%	
Claritromicina, eritromicina	+ 15-20%	+ 30-54%	Non datos
Inhibidores proteasas VIH (ex: rionavir)			
Rifampicina, herba de San Xoán, carbamecepinga, fenitoína, fenobarbital		Superior -50%	

Erros de dosificación

Os erros de dosificación son frecuentes en pacientes con tratamentos crónicos dentro dos os cales se encontra a TAO. É necesario instruír o paciente acerca da actitude a tomar nestes casos.

- Dose esquecida.

Como medida xeral aplicable a todos os réximes terapéuticos, non se debe tomar unha dose dobre para compensar a dose esquecida.

Pacientes en tratamento con AVK: a dose debería tomarse tan pronto como fose posible no mesmo día. No caso de non poder tomala o mesmo día

débase continuar coa pauta habitual, nunca dobrar a dose, e comunicalo ao realizar o seguinte control de INR.

Pacientes en tratamento con NACO: en pacientes en tratamento con dabigatran (Pradaxa) ou apixaban (Eliquis), deberán tomar a dose esquecida sempre que transcorresen menos de 6 horas dende a hora programada e se pasaron máis de 6 horas debe saltar esa dose e tomar a seguinte que lle corresponda á hora programada. En pacientes en tratamento con rivaroxaban (Xarelto) deberá tomar a dose esquecida sempre que transcorresen menos de 12 horas dende a hora programada e se pasaron máis de 12 horas debe saltar esa dose e tomar a seguinte que lle corresponda á hora programada.

- Dobre dose.

En pacientes en tratamento con NACO con dabigatran (Pradaxa) ou apixaban (Eliquis), non tomar a dose seguinte e continuar coa mesma dosificación que viña realizando ás 24 horas. En pacientes en tratamento con rivaroxaban (Xarelto) continuar co mesmo réxime terapéutico e non suprimir a dose seguinte ás 24 horas.

- Dúvidas acerca da toma da dose.

Pacientes en tratamento con AVK: non tomar a dose e continuar ao día seguinte coa pauta habitual.

Pacientes en tratamento con NACO: No caso de tratamento con NACO de dobre dose diaria (dabigatrán, apixaban) poderíase aconsellar que no tome outra píldora e que continúe coa seguinte dose programada. En caso de NACO de dose única diaria (rivaroxaban) poderíase aconsellar que tome outra píldora e que continúe co réxime de doses programado.

Necesidade de cirurxía programada en pacientes en TAO

A realización de intervencións cirúrxicas e os procedementos invasores que leven consigo un risco de sangrado obrigarán a suspender temporalmente a TAO. A estratexia para seguir dependerá fundamentalmente das características do paciente, do risco de sangrado da intervención e do tipo de TAO que se estea a utilizar, AVK ou NACO.

Na avaliación do paciente será necesario valorar a idade, o risco tromboembólico (en especial pacientes con próteses valvulares mecánicas e/ou antecedentes de embolismo previo), os antecedentes de complicacións hemorráxicas, os tratamentos concomitantes e determinar a función renal (FGE ml/min/1,73 m²).

O risco de sangrado das intervencións cirúrxicas e procedementos invasores podémolos clasificar en tres categorías, tal como pode verse na táboa seguinte.

Clasificación das intervencións cirúrxicas e
procedementos invasores en función do risco de sangrado.

<p>Sen risco de sangrado clinicamente relevante e con posibilidade de realizar hemostase local axeitada.</p>	<p>Intervencións dentais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Extracción de 1-3 pezas dentais. • Cirurxía periodontal. • Colocación de implantes. • Incisión de absceso. <p>Intervencións oftalmolóxicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cataratas. • Glaucoma. <p>Endoscopia sen cirurxía. Cirurxía superficial.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incisión de absceso. • Pequena cirurxía dermatolóxica.
<p>Baixo risco de sangrado.</p>	<p>Endoscopia con biopsia. Biopsia de próstata ou vexiga. Estudo electrofisiolóxico ou ablación con radiofrecuencia de taquicardias supraventriculares (incluíndo abordaxe transeptal) Angiografía. Implante de marcapasos e DAI (agás en casos de configuración anatómica complexa).</p>
<p>Alto risco de sangrado.</p>	<p>Ablación con radiofrecuencia complexa no lado esquerdo (ablación de veas pulmonares). Anestesia raquídea ou epidural. Punción lumbar diagnóstica. Cirurxía torácica. Cirurxía abdominal. Cirurxía ortopédica maior. Neurocirurxía. Biopsia hepática. Biopsia renal. Resección transuretral de próstata.</p>

Nos **procedementos do primeiro grupo** non será necesario suspender a TAO aínda que si é necesario considerar unha serie precaucións.

- En pacientes tratados con AVK, medir INR antes da intervención ou procedemento e asegurarse que se encontra en valores entre 2 e 2,5. Esta medida debe realizarse idealmente 2-3 días antes da intervención.

- En pacientes tratados con NACO, programar a hora do procedemento para que non coincida coa concentración plasmática pico e facela coincidir coa concentración mínima (ás 24 horas da última dose no caso de rivaroxaban (Xarelto) que é dose única diaria e ás 12 horas no caso de dabigatran (Pradaxa) ou apixaban (Eliquis) que é de dobre dose diaria). Para simplificar pódese programar a intervención entre 18 e 24 h despois da última dose, continuará o tratamento 6 horas despois, e poderá saltarse unha dose.

Nos **procedementos do segundo grupo, de baixo risco de sangrado**, en xeral recoméndase interromper a TAO antes do procedemento. A retirada do TAO a pacientes de risco tromboembólico alto ou moderado supón sempre un risco para o paciente e polo tanto **o tempo de suspensión debe ser o imprescindible, sen prolongalo innecesariamente**.

- En caso de tratamento con warfarina (Aldocumar®) suspender 5 días antes. Nos casos en que estea indicada a terapia ponte con HBPM esta debe iniciarse as 48 horas.
- En caso de tratamento con acenocumarol (Sintrom®) suspender 3 días antes. Nos casos en que estea indicada a terapia ponte con HBPM esta debe iniciarse as 24 horas.

En pacientes tratados con AVK a terapia ponte con heparina non fraccionada ou HBPM está indicada para reducir ao mínimo o risco de eventos tromboembólicos en pacientes de alto risco e tamén minimizar o risco de sangrado en pacientes sometidos a procedementos de moderado ou alto risco. Na táboa seguinte establécese en que pacientes está indicada a terapia ponte.

	Terapia ponte necesaria	Terapia ponte non necesaria
FA valvular	<ul style="list-style-type: none"> . Valvulopatía reumática . Próteses mitrais . Dúas ou máis próteses mecánicas . Prótese aórtica non dobre hemidisco . Prótese aórtica con outros factores de risco (*) 	<ul style="list-style-type: none"> . Próteses aórtica, dobre hemidisco e non factores de risco asociados.
FA non valvular	<ul style="list-style-type: none"> . Ictus previo . Evento cardioembólico . Trombo intracardiaco . CHADS \geq 4. 	<ul style="list-style-type: none"> . Non ictus, nin evento cardioembólico previos, nin trombo intracardiaco . CHADS < 4.

(*) Factores de risco: ictus previo, AIT, trombo intracardiaco ou evento cardioembólico.

As HBPM pautadas como terapia ponte utilizaranse na dose recomendada para o tratamento da trombose venosa profunda. Antes de iniciar o tratamento é necesario determinar a función renal.

	Bemiparina (Hibor®)	Dalteparina (Fragmin®)	Enoxaparina (Clexane®)	Nadroparina (Fraxiparina®)	Tinzaparina (Innohep®)
Dose recomendada	115 UI/Kg/día	100 UI/Kg/12 h ou 200 UI/kg/día	100 UI/Kg/12 horas ou 150 UI/Kg/día	85,5 UI/Kg/12 h ou 171 UI/kg/día	175 UI/Kg/día
FGE <30 ml/min/1,72 m ²	Utilizar con precaución	Axustar dose en función do nivel terapéutico anti-Xa	100 UI/kg/24 horas	Reducir dose 25-33%	Monitorizar niveis terapéuticos anti-Xa

Por comodidade de dosificación faise a seguinte proposta para tratamento con enoxaparina.

Enoxaparina (Clexane®)	FGE >30 ml/min 1,72 m ²	FGE <30 ml/min 1,72 m ²
<40 kg	Clexane® 20 / 12 h	Clexane® 20 / 24 h
40-60 kg	Clexane® 40 / 12 h	Clexane® 40 / 24 h
60-80 kg	Clexane® 60 / 12 h	Clexane® 60 / 24 h
80-100 kg	Clexane® 80 / 12 h	Clexane® 80 / 24 h
>100 kg	Clexane® 100 / 12 h	Clexane® 100 / 24 h

- En pacientes tratados con NACO débese suspender o tratamento con estes fármacos. **Nestes casos non é necesario realizar terapia ponte con HBPM.** Recoméndase suspender o NACO 24 horas antes do procedemento en pacientes con función renal normal. En casos de función renal alterada recoméndase suspender cun lapso maior, segundo o tipo de NACO e o FGE, de acordo coa táboa seguinte.

Ultima dose recomendada de NACO antes de intervención cirúrxica ou procedemento invasor, en función do risco de sangrado do procedemento e do estado da función renal.

FGE	Dabigatran (Pradaxa)		Rivaroxaban (Xarelto)		Apixaban (Eliquis)	
	Baixo risco	Alto risco	Baixo risco	Alto risco	Baixo risco	Alto risco
>80	≥24 h	≥48 h	≥24 h	≥48 h	≥24 h	≥48 h
80-50	≥36 h	≥72 h	≥24 h	≥48 h	≥24 h	≥48 h
30-50	≥48 h	≥96 h	≥24 h	≥48 h	≥24 h	≥48 h
15-30	Non indicado		≥36 h	≥48 h	≥36 h	≥48 h
< 15	Non indicado					

Nalgúns casos como os estudos electrofisiolóxicos diagnósticos, a ablación con radiofrecuencia de taquicardias supraventriculares (incluíndo abordaxe transeptal), a angiografía, ou o implante de marcapasos e DAI, poden realizarse dunha forma segura sen interromper a TAO, debendo para iso considerarse as mesmas precaucións que se especificaron para os pacientes do grupo 1.

Nos **procedementos do terceiro grupo, con alto risco de sangrado**, é necesario suspender sempre a TAO antes do procedemento. A retirada do TAO a pacientes de risco tromboembólico alto ou moderado supón sempre un risco para o paciente e polo tanto **o tempo de suspensión debe ser o imprescindible, sen prolongalo innecesariamente**.

- En pacientes tratados con AVK a terapia ponte con heparina non fraccionada ou HBPM está indicada para reducir ao mínimo o risco de eventos tromboembólicos en pacientes de alto risco e tamén minimizar o risco de sangrado en pacientes sometidos a procedementos de moderado ou alto risco. Na táboa seguinte establécese en que pacientes está indicada a terapia ponte.

	Terapia ponte necesaria	Terapia ponte non necesaria
FA valvular	<ul style="list-style-type: none"> . Valvulopatía reumática . Próteses mitrais . Dúas ou máis próteses mecánicas . Prótese aórtica non dobre hemidisco . Prótese aórtica con outros factores de risco (*) 	<ul style="list-style-type: none"> . Próteses aórtica, dobre hemidisco e non factores de risco asociados.
FA non valvular	<ul style="list-style-type: none"> . Ictus previo . Evento cardioembólico . Trombo intracardiaco . CHADS ≥ 4. 	<ul style="list-style-type: none"> . Non ictus, nin evento cardioembólico previos, nin trombo intracardiaco . CHADS < 4.

(*) Factores de risco: ictus previo, AIT, trombo intracardiaco ou evento cardioembólico.

- En pacientes tratados con NACO débese suspender o tratamento con estes fármacos. Nestes casos non é necesario realizar terapia ponte con HBPM. Recoméndase suspender o NACO 48 horas antes do procedemento en pacientes con función renal normal. En casos de función renal alterada recoméndase suspender cun lapso de tempo maior, segundo o tipo de NACO e o FGE, de acordo coa táboa da páxina 59.

Tendo en conta que non dispoñemos dunha técnica que nos permita medir de forma precisa o efecto dos NACO, non se recomenda unha estratexia baseada na normalización dos parámetros de coagulación de forma previa á intervención, tal como se realiza cos AVK.

Reinicio da terapia TAO tras a intervención cirúrxica.

- En procedementos nos que se consegue unha hemostase completa e inmediata, incluíndo a anestesia raquídea e epidural atraumática e a punción lumbar sen células hemáticas, a TAO pódese comezar entre 6-8 horas despois do procedemento. No caso de AVK débese manter terapia ponte con HBPM ata conseguir que INR sexa maior de 2. En caso de NACO o efecto anticoagulante máximo conseguírase ás 2 horas de tomar a primeira dose.
- No resto de procedementos, nos que a hemostase non é completa ou existe risco de volver sangrar, recoméndase diferir o inicio da TAO 48-72 horas, en especial en pacientes en tratamento con NACO. En pacientes inmobilizados nos que se conseguiu unha hemostase axeitada pódese formular iniciar terapia de profilaxe de trombose venosa, con doses baixas de HBPM ás 6-8 horas do procedemento, durante este período de 48-72 horas.

Necesidade de cirurxía urxente non programada en paciente en TAO.

En pacientes que requiran ser sometidos a unha cirurxía de forma urxente, a TAO debe ser suspendida.

- En pacientes en tratamento con AVK podese revertir o efecto anticoagulante utilizando vitamina K, ou concentrado de complexo protrombinico se é necesario.
- En pacientes en tratamento con NACO ao non dispoñer de antídoto específico a principal recomendación é **atrasar a intervención**, sempre que sexa posible, polo menos 12 horas despois da última dose e idealmente 24 horas. A avaliación de test de coagulación comúns, como o TTPa para dabigatran (Pradaxa) e TP para rivaroxaban (Xarelto) e apixaban (Eliquis), pode achegar información en casos nos que existan dúbidas sobre a actividade anticoagulante por alteración na farmacocinética, como por exemplo en casos de insuficiencia renal.

Tratamento de complicacións hemorráxicas en pacientes en TAO

O tratamento dependerá da gravidade da hemorraxia e do tipo de TAO. Para os NACO non se dispón de antídoto específico para reverter o seu efecto anticoagulante. Dada a curta vida media destes fármacos, aproximadamente 12 horas, o tempo é o mellor antídoto e é esperable que ás 12-24 horas da última dose se restablecese unha hemostase normal, sempre que a función renal e hepática sexan normais.

Hemorraxias graves pero que non poñen en risco a vida do paciente (sangrado dixestivo controlable, hematuria grave, hematomas severos pero en localizacións controlables).

- Pacientes en tratamento con AVK.
 - Administrar vitamina K iv (10 mg), pódese repetir c/12 horas.
 - Avaliar INR 4-6 horas tras administración de vitamina K.
 - Valorar concentrado de complexo protrombínico, Octaplex. A dose débese axustar en función do valor de INR. Non administrar sen determinar previamente o INR. Non deben superarse as 3000 UI (unidades internacionais), ou 120 ml de Octaplex.

INR Basal	2 - 2,5	2,5 - 3	3 - 3,5	>3,5
Dose aproximada en mL de OCTAPLEX/Kg peso	0,9 - 1,3	1,3 - 1,6	1,6 - 1,9	>1,9

- Pacientes en tratamento con NACO.
 - Suspender administración NACO.
 - Se última dose de NACO <2 horas, valorar carbón activado.
 - Medidas de soporte:
 - Compresión mecánica.
 - Hemostase cirúrxica.
 - Reposición de fluídos.
 - Transfusión de hemacias se é necesario.
 - Transfusión de plaquetas se é necesario (<60.000).
 - En caso de tratamento con dabigatran (Pradaxa):

- Manter diurese axeitada.
- Valorar hemodiálise.

Hemorraxias graves que poñen en risco a vida do paciente (hemorragia intracranial, sangrado dixestivo non controlable, hematoma retroperitoneal).

- Pacientes en tratamento con AVK.
 - Administrar vitamina K iv (10 mg), pódese repetir c/12 horas.
 - Administrar concentrado de complexo protrombínico, Octaplex. A dose débese axustar en función do valor de INR. Non administrar sen determinar previamente o INR.

INR Basal	2 - 2,5	2,5 – 3	3 - 3,5	>3,5
Dose aproximada en mL de OCTAPLEX/Kg peso	0,9 - 1,3	1,3 - 1,6	1,6 - 1,9	>1,9

- Pacientes en tratamento con NACO
 - As mesmas medidas recomendadas para a hemorragia grave que non pon en risco a vida do paciente.
 - Administrar concentrado de complexo protrombínico, Octaplex (25 UNIDADES DE MASA ATÓMICA/KG). Pódese repetir unha ou dúas veces, e non deben superarse as 3000 UI (unidades internacionais), ou 120 ml de Octaplex.
 - Valorar outros procoagulantes como ácido tranexámico, ou a desmopresina, esta última en casos de hemorragia asociada á coagulopatía ou trombopatía.

Figura 14: recomendación de tratamiento en pacientes tratados con AVK que sufren un sangrado.



Figura 15: recomendación de tratamiento en pacientes tratados con NACO que sufren un sangrado.



. TRATAMIENTO
ANTITROMBÓTICO en
PACIENTES con
CARDIOPATÍA
ISQUÉMICA .



TRATAMIENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES CON CARDIOPATÍA ISQUÉMICA

A coexistencia de cardiopatía isquémica e FA é un feito frecuente e que introduce complexidade no manexo, xa que en moitos casos se fai necesario combinar tratamento antiagregante con TAO. Desafortunadamente para moitas situacións non dispoñemos de evidencia científica que permita guiar a terapia, polo que debemos adaptala a recomendacións de expertos.

Datos procedentes de rexistros móstrannos que a tripla terapia con TAO e dobre antiagregación (AAS + clopidogrel) asóciase cun maior risco hemorráxico que a dobre terapia con TAO e antiagregación simple (AAS ou clopidogrel) e esta pola súa vez maior que a dobre antiagregación sen TAO ou a TAO sen antiagregación asociada. A asociación de TAO con clopidogrel asóciase a un risco lixeiramente superior ao da asociación de TAO con AAS.

A evidencia con novos antiagregantes, prasugrel e ticagrelor, asociados, a TAO é aínda máis escasa, polo que non se recomenda a súa utilización en pacientes que requiran TAO.

Medidas xerais recomendadas en todos os pacientes que se vaian someter a intervencionismo coronario percutáneo para intentar minimizar o risco hemorráxico:

1. Utilizar doses baixas de AAS (75-100 mg/día).
2. Preferiblemente utilizar stents convencionais.
3. En caso de utilizar stents farmacolóxicos, usar preferiblemente de 2.ª e 3.ª xeración, que permitan tempos de dobre antiagregación máis curtos.
4. Abordaxe por vía radial.
5. Obxectivo INR 2-2,5.
6. Valorar tratamento con inhibidores da bomba de protóns (IBP).
7. Especificar no informe de alta a duración de cada un dos compoñentes do tratamento antitrombótico prescrito.

En pacientes con FA con risco embólico alto, nos que este indicado o tratamento anticoagulante oral, e que precisen tratamento antiagregante asociado débense valorar distintos **factores** para establecer os fármacos e o tempo recomendable.

- Idade avanzada:
 - Idade \geq 80 anos

- Anemia
 - Hb ≤ 10 gr/dl
- Risco hemorráxico
 - Baixo HASBLED < 3
 - Alto HASBLED ≥ 3
- Escenario clínico
 - ICP electiva
 - Sd. Coronario agudo
 - Cardiopatía isquémica crónica
- Tipo de stent
 - Convencional
 - Fármaco
- Risco aterotrombótico:
 - Risco GRACE baixo ou moderado: <118 en SCASEST e <129 en SCACEST
 - Risco GRACE alto: Alto ≥ 118 en SCASEST e ≥ 129 en SCACEST

Sobre a base destas variables establécense as seguintes **recomendacións de tipo** e duración do tratamento antiagregante asociado a TAO.

Risco hemorráxico	Escenario clínico	Tipo stent	Risco aterotrombótico	Risco embólico	Tto. antiagregante
HASBLED < 3 e Idade < 80 anos e Hb ≥ 10 g/dl	ICP electiva	BMS	Calquera	TAO	AAS + CLOPI 1 mes
		DES ou BMS Tronco	Calquera	TAO	AAS + CLOPI 3-6 meses*
	SCA	BMS	Calquera	TAO	AAS + CLOPI 3 meses CLOPI 12 meses
		DES ou BMS Tronco	Calquera	TAO	AAS + CLOPI 3-6 meses* CLOPI 12 meses
HASBLED ≥ 3 ou Idade ≥ 80 anos ou Hb < 10 g/dl	ICP electiva	BMS	Calquera	TAO	CLOPI 1 mes
		DES ou BMS Tronco	Calquera	TAO	CLOPI 3-6 meses*
	SCA	BMS	Risco GRACE baixo/moderado	TAO	CLOPI 3 meses
			Risco GRACE alto	TAO	AAS + CLOPI 1 mes CLOPI 3-6 meses
		DES ou BMS Tronco	Risco GRACE baixo/moderado	TAO	AAS + CLOPI 1 mes CLOPI 6 meses
			Risco GRACE alto	TAO	AAS + CLOPI 1 mes CLOPI 12 meses

Risco GRACE baixo ou moderado: < 118 en SCASEST e < 129 en SCACEST

Risco GRACE alto: > 118 en SCASEST e > 129 en SCACEST

(*) 3 meses DES de 2.^a e 3.^a xeración e 6 meses en DES de primeira xeración

BMS: *bare metal stent*. Stent convencional

DES: *drug eluting stent*. Stent farmacactivo

En **pacientes con cardiopatía isquémica crónica**, entendidos como aqueles que non sufriron un evento coronario agudo no último ano, a asociación de tratamento antiagregante ao TAO, non reduce a incidencia de eventos cardiovasculares e se asocia cun maior risco de sangrado. Nestes casos o tratamento con TAO sen antiagregantes parece ser suficiente. A evidencia é consistente para os AVK. No caso dos NACO non dispoñemos de estudos que analizen o problema de forma específica, non obstante nos estudos realizados con estes fármacos aproximadamente un 15-20% dos pacientes tiñan antecedentes de cardiopatía isquémica, e non se observa unha interacción desta cos resultados de eficacia e seguridade obtidos, aínda que non coñecemos cantos pacientes e durante canto tempo recibiron tratamento antiagregante. Só no caso do dabigatrán observouse unha moi lixeira maior incidencia de infarto que co tratamento con AVK, que se pode cifrar en 3 casos por 1000 pacientes tratados. Sobre a base de todos estes datos poderíase recomendar tratamento con NACO sen antiagregación en pacientes con cardiopatía isquémica crónica e no caso de utilizar dabigatrán, recoméndase usar a dose de 110 mg/12 h asociada a doses baixas de aspirina.

. TRATAMIENTO
ANTITROMBÓTICO en
PACIENTES que SOFREN
un ICTUS .



TRATAMIENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES QUE SOFREN UN ICTUS

Os pacientes con FA baixo tratamento antitrombótico poden sufrir ictus, aínda que en menor proporción que os que non o reciben, e este pode ser de tipo hemorráxico ou isquémico, o que vai obrigar a abordar este tipo de tratamento, tanto na fase aguda coma na fase crónica.

Manexo do ictus hemorráxico en fase aguda

En todo paciente anticoagulado cunha hemorraxia intracerebral hai que corrixir a coagulación á maior brevidade posible. Ata conseguilo, estes pacientes deben ser considerados como de alto risco e permanecer baixo vixilancia clínica intensiva (especialmente en casos de hematomas intraparenquimatosos de cerebelo ou de tronco cerebral e en casos de hematomas subdurais ou epidurais).

Antagonistas da vitamina K

En pacientes anticoagulados con acenocumarol (Sintrom®) ou con warfarina (Aldocumar®), débense seguir os seguintes pasos:

- Extraer un tubo para coñecer o valor inicial do INR antes de corrixir a coagulación.
- Antes mesmo de coñecer o valor de INR administrar 5 mg de vitamina K intravenosa (os preparados comerciais 10 mg de vitamina K en 1 mL, polo que se administrarán 0.5 mL).
- En caso de pacientes con INR superior a 1,9 débese administrar complexo protrombínico. En ningún caso se administrará este tratamento sen coñecer o valor do INR, pois a súa administración con INR normal ou baixo pode facilitar a formación de trombos intravasculares. As doses que se deben administrar varían segundo o peso e o INR do paciente segundo as indicacións da seguinte táboa:

INR Basal	2 - 2,5	2,5 – 3	3 - 3,5	>3,5
Dose aproximada en mL de OCTAPLEX/Kg peso	0,9 - 1,3	1,3 - 1,6	1,6 - 1,9	>1,9

- Na maior brevidade posible, o neurólogo de garda poñerase en contacto co Servizo de Hematoloxía para que sexan eles os que prosigan coas medidas que se vaian adoptar ata corrixir definitivamente o INR.

Novos fármacos anticoagulantes orais (NACO)

Nin o inhibidor directo da trombina dabigatrán (Pradaxa®), nin os inhibidores do factor Xa apixaban (Eliquis®) e ribaroxaban (Xarelto®) dispoñen de antídoto específico. En caso de hemorraxia nun paciente anticoagulado con NACO, procederase do seguinte modo.

- Suspende a administración do fármaco.
- Asegurar unha diurese axeitada e estimar o tempo de eliminación en función da hora da inxestión da última dose. No caso de dabigatran podemos estimar o tempo de eliminación en función do aclaramiento de creatinina:
 - Función renal normal: 12-24 h
 - CrCl 50-80 mL/min: 24-36 h
 - CrCl 30-50 mL/min: 36-48 h
 - CrCl ,30 mL/min: ≥48 h
- O paciente debe manter unha monitorización clínica na Unidade do Ictus onde recibirá os cuidados habituais de HIC. Realízase unha control estrito da tensión arterial.
- Se existe sobredosificación pódese valorar a diálise.
- Se o paciente se encontra clinicamente inestable valorarase a evacuación cirúrxica do hematoma. Para iso será preciso unha regularización da hemostase utilizando:
 - Concentrado de complexo protrombinico 25 UI (unidades internacionais), pode repetirse 1 ou 2 veces.
 - Concentrado de complexo protrombínico activado 50 IE/kg; máx. 200 IE/kg/día).
 - Pódese considerar a administración de concentrados de plaquetas en presenza dunha trombocitopenia ou no caso de administrar previamente antiagregantes plaquetarios.

Heparinas non fraccionadas

As heparinas non fraccionadas por vía intravenosa (heparina sódica) teñen un antídoto específico, o sulfato de protamina, pero é moi excepcional a situación na que se deben reverter e abonda con suspender esta (en caso de dúbida, comentar coa garda de Hematoloxía). Un miligramo de protamina neutraliza 100 unidades de heparina non fraccionada. Polo tanto, o paciente que sangra inme-

diatamente despois de administrar 5000 unidades en bolo de heparina non fraccionada requerirá a administración de 50 mg de protamina, pero recoméndase administrar a metade da dose que correspondería para evitar sobrecorreccións. Cando a heparina non fraccionada se dá en infusión intravenosa, só se inclúe no cálculo da dose a heparina administrada durante as horas precedentes (a heparina non fraccionada intravenosa ten unha vida media moi curta, dunhas 2-2.5 horas aproximadamente, así por exemplo, un paciente que está cunha infusión de 1250 unidades/hora de heparina non fraccionada intravenosa, requerirá aproximadamente 30 mg de protamina). O TTPA pode usarse para avaliar a efectividade da terapia antiheparina. Pode haber reaccións adversas á protamina, algunha delas severa como hipotensión ou bradicardia. Para evitalo, débese administrar de forma lenta (de 1 a 3 minutos).

Heparinas de baixo peso molecular (HBPM) por vía subcutánea

A protamina reverte parcialmente tamén os seus efectos e a súa actividade depende do tipo de HBPM. Así, por exemplo 1 mg protamina neutraliza 1 mg de enoxaparina (Clexane®) ou 100 UI antiXa de dalteparina (Fragmin®) ou tinzaparina (Innohep®). A vida media destas heparinas é dunhas 4 horas, e ás 24 horas está practicamente eliminada (aínda que isto varía segundo de que principio activo se trate).

En todos os casos de hemorraxia intracerebral debemos de recordar que cando pase o risco hemorráxico deberase pautar unha profilaxe antitrombótica independentemente do tamaño da hemorraxia.

Manexo do ictus hemorráxico na fase crónica

A presenza dunha hemorraxia intracranial, espontánea ou traumática, pode considerarse unha contraindicación para a TAO, sempre que a causa desta non puidese ser corrixida.

Poderíase formular reiniciar a TAO, tras unha hemorraxia intracranial, en pacientes con alto risco embólico e baixo hemorráxico, aínda que esta é unha aproximación teórica, xa que os factores que condicionan un alto risco embólico tamén condicionan un alto risco hemorráxico. Aínda que non existen estudos ao respecto, no caso de que se decida iniciar a anticoagulación tras unha hemorraxia intracerebral esta deberá atrasarse o maior tempo posible en función do risco trombótico. No caso de pacientes portadores de próteses valvulares mecánicas recoméndase un control estrito da función valvular (ecocardiograma) e se o paciente mantén unha estabilidade clínica poderíase atrasar o inicio da anticoagulación.

En pacientes con alto risco embólico nos que se considere contraindicada a TAO pódense valorar estratexias non farmacolóxicas como o peche percutáneo da orejuela.

Manexo do ictus isquémico na fase aguda

A ventá de tempo para realizar fibrinólise en pacientes que sofren un ictus isquémico é de 4,5 horas dende o comezo dos síntomas. Aínda que algunhas guías non recomendan o emprego de alteplase en pacientes que están a recibir TAO a maioría delas permiten o seu uso segundo o grao de anticoagulación e fármaco empregado:

- Antagonistas da vitamina K: en pacientes con INR<1,8 ou TP<15 seg pode empregarse tratamento con rtPA á dose habitual.
- Inhibidores da trombina: pódese considerar o uso de rtPA se o paciente presenta un TTd, TCE (tempo de coagulación de ecarina) ou TTPa que non exceda o límite superior normal, de acordo co intervalo de referencia local (recomendación en ficha técnica). Debido á súa cinética lineal unha vez transcorridas 12 horas da última inxestión e se a función renal é adecuada (>30 ml/min 1,72 m²) podemos ter a seguridade de que o paciente non ten maior risco hemorráxico.
- Inhibidores do Xa: nestes pacientes non está recomendado o uso de rtPA a excepción de que se dispoñan de test específicos ou a última dose se tomase hai máis de 2 días.
- Heparinas de baixo peso molecular: en pacientes que recibisen tratamento con HBPM nas últimas 48 horas non se recomenda o uso de fibrinólise i.v.

Naqueles pacientes que reciben TAO e non se pode administrar tratamento fibrinolítico endovenoso unha alternativa terapéutica axeitada é a trombectomía mecánica.

Manexo do ictus isquémico na fase crónica

O inicio da anticoagulación nestes pacientes debe realizarse o mais precoz posible xa que é sabido que o risco de recorrencia é maior canto máis próximo está o evento anterior. Non obstante naqueles pacientes cun infarto moi extenso ou transformación hemorráxica debemos ter precaución á hora do inicio da anticoagulación. Aínda que non existen ensaios clínicos controlados ao respecto a maioría das guías recomendan o seguinte:

- Paciente con infarto extenso no territorio de ACM (>1/3 do territorio). Nestes pacientes debemos diferir a anticoagulación entre 5-7 días.

- Pacientes con transformación hemorráxica (PH 1-2 ou PHr). Manexaranse igual que se se tratase dunha hemorraxia intracerebral (ver arriba).
- Pacientes con transformación hemorráxica IH 1-2. Diferir a anticoagulación entre 5-7 días.
- Pacientes que recibiron tratamento fibrinolítico ou trombectomía mecánica (i.v ou i.a). O tratamento anticoagulante debe iniciarse ás 24 horas sempre e cando se exclúe transformación hemorráxica nunha proba de neuroimaxe.
- Pacientes con infartos menores de 1/3 do territorio da ACM ou noutras localización pódese iniciar a anticoagulación de forma precoz (primeiras 24 h), e recoméndase o uso de heparina non fraccionada por vía endovenosa ou HBPM a doses anticoagulantes como terapia ponte á anticoagulación oral.

Á hora de elixir o anticoagulante oral só en pacientes con FA non valvular poderemos utilizar os NACO, no resto de fonte embólicas o único tratamento indicado son os AVK. En pacientes con FA non valvular sobre a base do informe de situación terapéutica UT/V4/23122013 podemos utilizar o seguinte algoritmo:

Tratamento previo	Risco hemorráxico (neuroimaxe)	Primeira opción	Segunda opción
Ningún	Baixo	AVK	NACO*
Ningún	Alto	NACOs*	AVK
AVK mal control	Alto/baixo	NACOs*	AVK
AVK bo control	Alto/baixo	NACOs*	AVK
NACOs	Alto/baixo	Dabigatran 150 mg/12h	NACO-AVK

* Elixir en función de función renal, idade, posoloxía, medicación concomitante e risco embólico

É importante investigar outras causas de ictus isquémico en pacientes que sofren un ictus baixo TAO que se cumpre correctamente.

No caso de reiniciar a TAO cun NACO, dado o seu rápido comezo de acción non é necesaria a terapia ponte con HBPM.

. TRATAMIENTO
ANTITROMBÓTICO en
PACIENTES que SOFREN
NEOPLASIAS .



TRATAMIENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES QUE SOFREN NEOPLASIAS

Os cancros acontecen con frecuencia en pacientes maiores ao igual que sucede coa FA, polo que non é infrecuente a súa asociación. A evidencia científica sobre o tratamento antitrombótico neste tipo de casos é escasa, xa que estes pacientes se excluíron da maioría dos ensaios clínicos.

A decisión de realizar TAO nestes pacientes debe individualizarse para cada caso e debe ser tomada de forma conxunta co oncólogo, tendo en consideración a morbilidade e a mortalidade condicionada polo cancro, as terapias que se van administrar e o risco embólico e hemorráxico.

Naqueles pacientes nos que se decida realizar TAO recoméndase o tratamento con AVK e HBPM sobre os NACO, pola maior experiencia existente, a capacidade de monitorizar o efecto e a dispoñibilidade de antídotos.

· RECOMENACION'S de
TAO en PACIENTES que
se VAN SOMETER a unha
CARDIOVERSION .



RECOMENDACIONES DE TAO EN PACIENTES QUE SE VAN SOMETER A UNHA CARDIOVERSIÓN


En pacientes nos que se elixise unha estratexia de control de ritmo é posible que a FA recorra e que sexa necesario proceder a realizar unha cardioversión.

Se a duración da FA é inferior a 48 horas pódese asumir que o risco embólico é baixo e pódese proceder á cardioversión. Tras a realización desta débese avaliar o risco tromboembólico do paciente mediante as escalas CHADS2 e CHA2DS2-VASc para determinar se require tratamento antitrombótico a longo prazo (figura).

En pacientes con alto risco embólico como sucede na valvulopatía mitral reumática, se o paciente non recibiu TAO nas 3 semanas previas, é aconsellable realizar ETE anterior á cardioversión, para descartar a presenza de trombos intracardiacos.

Se a duración da FA é superior a 48 horas ou non coñecida, de entrada non podemos supoñer un risco embólico baixo. Neste caso para poder realizar a cardioversión dunha forma segura é necesario que o paciente leve polo menos 3 semanas con TAO. A realización dun ecocardiograma transesofáxico (ETE), que descarte a presenza de trombos intracardiacos permite realizar a cardioversión de forma segura, sen ter que esperar este tempo. Tras a realización da cardioversión débese manter con TAO durante 4 semanas, tras as que se debe avaliar o risco tromboembólico do paciente mediante as escalas CHADS2 e CHA2DS2-VASc para determinar se require tratamento antitrombótico a longo prazo (figura).

Na figura 16 pódese ver a árbore de decisión en pacientes estables nos que se formula a realización de cardioversión.



. PROTOCOLO de
SEGUIMIENTO en
CONSULTA de
ENFERMERÍA de
PACIENTES
DIAGNOSTICADOS de FA .



PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO EN CONSULTA DE ENFERMERÍA DE PACIENTES DIAGNOSTICADOS DE FA

Primeira consulta de enfermería tras o diagnóstico de FA

Aspectos que se deben valorar na consulta de enfermería tras o diagnóstico de FA

Diagnostico ECG	SI / NON
FC	
TA	
GRAO EHRA	I / II / III/ IV
Criterios inestabilidade hemodinámica	SI / NON
Duración FA <48 horas	SI / NON-NS
Forma de FA	Primeiro diagnóstico Paroxística Persistente Persistente >1 ano Permanente
Puntuación CHADS2	
Puntuación CHA2DS2 VASc se CHADS2 <2	
Puntuación TES-BLED	
Antecedente de hemorraxia grave ou frecuente	SI/NON
Inicio educación	<ul style="list-style-type: none"> • Consellos dietéticos • Implicacións do tratamento • Explicar a enfermidade
Tratamento concomitante	AINE Corticoides IBP
Consumo de alcohol	gr/semana
Tratamento antitrombótico seleccionado	TAO Antiagregación Ningún
Análítica solicitada (Hb, Creat, GOT)	SI/NON

Programar a seguinte revisión en 1-2 meses, en función de data de valoración en Cardiología e Hematología.

Segunda consulta (1-2 meses tras o diagnóstico)

Aspectos que se deben contemplar na segunda consulta de enfermería

FC	
TA	
GRAO EHRA	I / II / III/ IV
Forma de FA	Primeiro diagnóstico Paroxística Persistente Persistente >1 ano Permanente
Hemorragia	SI/NON
Evento isquémico	SI/NON
Comprobar adherencia tratamento	SI/NON
Educación	<ul style="list-style-type: none">• Valorar grao adherencia dieta• Valorar grao coñecemento
Tratamento concomitante	AINE Corticoides IBP
Tratamento antitrombótico seleccionado	TAO Antiagregación Ningún
Hb gr/dl	
Creatinina mg/dl, FGE ml/min/1,72	
Transaminases x 3 valor referencia	SI/NON
Bilirrubina X 2 valor de referencia	SI/NON

Programar a seguinte consulta en 3 meses.

Programar o control INR en pacientes con AVK.

Programar a analítica en función de características do paciente e resultados de analítica.

PROCESO DE FIBRILACIÓN AURICULAR

Analítica	Hemograma, función renal (creatinina e filtrado glomerular estimado) e función hepática (bilirrubina e transaminases).
Aos 3 meses	FGE <30 ml/min/1,72 m ²
Aos 6 meses	Idade >80 anos, FGE 30-60 ml/min/1,72m ² , paciente fraxil, Hb < 10 gr/dl
Ao ano	No resto
Antes	En situacións de risco de deterioración aguda de función renal

Terceira consulta (3 meses tras a 2.ª)

Aspectos que se deben contemplar na terceira consulta de enfermería

ECG	SI / NON
FC	
TA	
GRAO EHRA	I / II / III/ IV
Forma de FA	Primeiro diagnóstico Paroxística Persistente Persistente >1 ano Permanente
Hemorragia	SI/NON
Evento isquémico	SI/NON
Comprobar adherencia tratamento	SI/NON
Educación	Valorar grao adherencia dieta Valorar grao coñecemento
Tratamento concomitante	AINE Corticoides IBP
Tratamento antitrombótico seleccionado	TAO Antiagregación Ningún

Resultados de analítica se procede nesa revisión.

Hb gr/dl	
Creatinina mg/dl, FGE ml/min/1,72	/
Transaminases x 3 valor referencia	SI/NON
Bilirrubina X 2 valor de referencia	SI/NON

Programar seguinte consulta

Aos 3 meses	FGE <30 ml/min/1,72. EHRA > II
Aos 6 meses	Paciente en TAO
Ao ano	Non TAO, EHRA I-II, non antecedentes hemorráxicos ou embólicos

Programar control INR en pacientes con AVK.

Programar analítica en función de características do paciente e resultados de analítica

Analítica	Hemograma, función renal (creatinina e filtrado glomerular estimado) e función hepática (bilirrubina e transaminases).
Aos 3 meses	FGE <30 ml/min/1,72 m ²
Aos 6 meses	Idade >80 anos, FGE 30-60 ml/min/1,72m ² , paciente fraxil, Hb < 10 gr/dl
Ao ano	No resto
Antes	En situacións de risco de deterioración aguda de función renal

Consultas de seguimento (aos 3 ou 6 ou 12 meses da terceira)

Aspectos que se deben valorar nas consultas sucesivas de enfermería

ECG anual	SI/NON
FC	
TA	
GRAO EHRA	I / II / III/ IV
Forma de FA	Primeiro diagnóstico Paroxística Persistente Persistente >1 ano Permanente
Puntuación CHADS2	
Puntuación CHA2DS2 VASc se CHADS2 <2	
Puntuación HAS-BLED	
Valorar contraindicacións TAO	SI/NON
Hemorragia	SI/NON
Evento isquémico	SI/NON
Comprobar adherencia tratamento	SI/NON
Control INR >60% en TAO con AVK	SI/NON
Educación	Valorar grao adherencia dieta Valorar grao coñecemento
Tratamento concomitante	AINE Corticoide IBP
Tratamento antitrombótico seleccionado	TAO Antiagregación Ningún

Analítica se procede.

Hb gr/dl	
Creatinina mg/dl, FGE ml/min/1,72	
Transaminases x 3 valor referencia	SI/NON
Bilirrubina X 2 valor de referencia	SI/NON

Programar seguinte consulta

Aos 3 meses	FGE <30 ml/min/1,72. EHRA > II
Aos 6 meses	Paciente en TAO
Ao ano	Non TAO, EHRA I-II, non antecedentes hemorráxicos ou embólicos

Programar control INR en pacientes con AVK.

Programar analítica en función das características do paciente e resultados da analítica.

Analítica	Hemograma, función renal (creatinina e filtrado glomerular estimado) e función hepática (bilirrubina e transaminases).
Aos 3 meses	FGE <30 ml/min/1,72 m ²
Aos 6 meses	Idade >80 anos, FGE 30-60 ml/min/1,72m ² , paciente fraxil, Hb < 10 gr/dl
Ao ano	No resto
Antes	En situacións de risco de deterioración aguda de función renal

. TÁBOAS .



TÁBOAS


Clasificación clínica EHRA

Grao EHRA	Manifestacións clínicas acompañantes á FA
Grao I	Sen síntomas
Grao II	Síntomas leves. A actividade diaria normal non está afectada
Grao III	Síntomas moderados. A actividade diaria normal está afectada
Grao IV	Síntomas incapacitantes. Interrómpese a actividade diaria normal

Criterios de inestabilidade

- Descenso sintomático da presión arterial (PA) de 30 mmHg respecto á previa ou PAS/D <90/50 mmHg.
- Repercusión orgánica severa:
 - Anxina de peito.
 - Insuficiencia respiratoria.
 - Insuficiencia cardíaca grave.
 - Compromiso da circulación periférica, con oligoanuria, frialdade cutánea, dimi-nución do nivel de conciencia ou acidose láctica.
- Signos electrocardiográficos de isquemia aguda.

Clasificación da FA



Escalas de risco tromboembólico e hemorráxico

CHADS2	Descrición	Puntos
C (Conxestiva heart failure)	Historia de insuficiencia cardíaca conxestiva recente	1
H (Hypertensión)	Historia de hipertensión	1
A (Age)	Idade \geq 75 anos	1
D (Diabete mellitus)	Historia de diabetes mellitus	1
S (Stroke)	Historia de ictus/AIT	2
Puntuación total		6

Risco tromboembólico alto: puntuación \geq 2. Recoméndase TAO

Risco tromboembólico baixo / moderado: puntuación 0-1. Medir CHADS-VASc

CHA2DS2-VASc	Descrición	Puntos
C (Conxestiva heart failure)	Historia de insuficiencia cardíaca conxestiva recente	1
H (Hypertensión)	Historia de hipertensión	1
A (Age)	Idade \geq 75 anos	2
D (Diabete mellitus)	Historia de diabetes mellitus	1
S (Stroke)	Historia de ictus/AIT	2
V (Vascular disease)	Enfermidade vascular clínica	1
A (Age 65-74)	Idade 65-74 anos	1
S (sex)	Sexo feminino	1
Puntuación total		9

Risco tromboembólico alto: puntuación \geq 2. Recoméndase TAO


Risco tromboembólico moderado: puntuación 1. Recoméndase TAO ou antiagregación

Risco tromboembólico baixo: puntuación 0. Recoméndase antiagregación ou nada.


HAS-BLED	Descrição	Puntos
H (Hypertensión)	HTA non controlada con PAS \geq 160 mm Hg	1
A (abnormal kidney or liver function)	Anormalidade en probas función renal (diálise, transplante, creatinina $>2,3$ mg/dl) ou hepática (cirrose ou bilirrubina >2 veces ou transaminases 3 veces o límite superior de normalidade)	1 ou 2
S (Stroke)	Historia de ictus/AIT	1
B (Bleeding)	Historia de sangrado, anemia ou predisposición ao sangrado.	1
L (Labile INR)	INR $<60\%$ do tempo en rango terapéutico	1
E (Elderly)	Idade \geq 65 anos	1
D (Drugs/alcohol)	Fármacos que favorezan hemorraxia (aas, clopidogrel, AINEs) e/ou consumo de \geq 8 bebidas alcólicas por semana	1 ou 2
Puntuación total		9

Risco hemorráxico alto: puntuación \geq 3.

Árbore de decisión de tratamiento antitrombótico



Árbore de decisión de manexo tras o primeiro diagnóstico



- (1)
- Descenso sintomático da presión arterial (PA) de 30 mmHg respecto á previa ou PAS/D < 90/50 mmHg.
 - Repercusión orgánica severa:
 - . Anxina de peito
 - . Insuficiencia respiratoria
 - . Insuficiencia cardíaca grave
 - . Compromiso da circulación periférica, con oligoanuria, frialdade cutánea, diminución do nivel de conciencia ou acidose láctica
 - Signos electrocardiográficos de isquemia aguda

Resumo de aspectos que se deben valorar en cada consulta de enfermería

Accións	Visita 1	Visita 2	Visita 3	Sucesivas
Diagnóstico ECG				
FC				
TA				
GRAO EHRA				
Criterios inestabilidade hemodinámica				
Duración FA <48 horas				
Forma de FA				
Puntuación CHADS2				
Puntuación CHA2DS2 VASc se CHADS2 <2				
Puntuación TES-BLED				
Valorar contraindicacións TAO				
Antecedente de hemorraxia grave-frecuente				
Inicio educación				
Tratamento concomitante				
Consumo de alcohol				
Tratamento antitrombótico seleccionado				
Analítica solicitada (Hb, Creat, GOT)			Se procede	Se procede
Hemorraxia				
Evento isquémico				
Comprobar adherencia tratamento				
Educación				
Hb, creatinina, f. hepática.			Se procede	Se procede
Programar seguinte visita				

. INDICADORES .



INDICADORES DO PROCESO DE FIBRILACIÓN AURICULAR

Defínense indicadores que permitan medir o proceso en todas as súas fases, dende distintas perspectivas como a adecuación diagnóstica e terapéutica, o propio proceso, a accesibilidade ao diagnóstico inicial, o seguimento e a seguridade. Os estándares definiranse de acordo cos diferentes profesionais implicados.

Tipo de indicador	Criterio de calidade	Indicador	Estándar	Fonte de información
Adecuación diagnóstica	Considerarase que todo paciente con sintomatoloxía de sospeita de FA de primeiro diagnóstico, estudado e valorado en Atención primaria	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo, diagnosticados en Atención primaria / n.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP
Adecuación tratamento inicial	A profilaxe anti-trombótica e a súa prescrición, se procede, debe iniciarse en Atención primaria no momento do diagnóstico de FA	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo prescrición de TAO AVK ou terapia ponte en Atención primaria / n.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP SIAC-PF Programa Hematoloxía
Proceso asistencial	Considerarase que os pacientes con FA de máis de 48 de duración serán derivados a Cardioloxía, a través da e-consulta	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo con petición de e-consulta/ n.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP SIAC-CPT

Tipo de indicador	Criterio de calidad	Indicador	Estándar	Fonte de información
	Considerarase que os pacientes con FA e prescripción de terapia antitrombótica serán derivados a Hematoloxía	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo con petición de consulta de Hematoloxía (TAO)/ n.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP SIAC-CPT
	Considerarase que os pacientes con FA de debut derivados a CardioloXía serán programadas nunha consulta de seguimento de Medicina de Familia e Enfermaría en Atención primaria	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo con consulta programada en Atención primaria (medicina familiar/enfermería)/ n.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP
Accesibilidade diagnóstica inicial	Considerarase que todo paciente diagnosticado e inicialmente tratado de FA deberá acceder a unha consulta de CardioloXía nun prazo máximo de 21 días	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo que esperan máis de 21 días para acceder a unha e consulta de CardioloXía / n.º de pacientes derivados a e consulta de CardioloXía con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP SIAC-CPT

Tipo de indicador	Criterio de calidad	Indicador	Estándar	Fonte de información
	Considerarase que todo paciente diagnosticado de FA e inicialmente tratado con ACO-AVK deberá acceder a unha consulta de Hematoloxía nun prazo máximo de 15 días	N.º de pacientes con apertura de código CIAP K78 no ano de estudo que esperan máis de 15 días para acceder a unha consulta de Hematoloxía (TAO)/ n.º de pacientes derivados a e consulta de Hematoloxía no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-CPT
Seguimento asistencial	Considerarase que todo paciente con FA e terapia ACO deben estar a seguimento en enfermaría de Atención Primaria	N.º de pacientes con FA e ACO con polo menos unha consulta programada de enfermaría de Atención primaria ao mes / n.º de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo		Auditoría Historia clínica SIAC-AP
Prevención/ efectos adversos	Considerarase que todo paciente diagnosticado de Fibrilación auricular e inicialmente tratado con ACO-AVK deberá manter o seu INR no rango terapéutico establecido (TRT-tempo en rango terapéutico do INR entre 2 e 3 $\geq 64,5\%$)	N.º de pacientes con INR en rango terapéutico establecido/n.º de pacientes con terapia con TAO-AVK		Auditoría Historia clínica SIAC-AP SIAC-PF Aplicación control AVK

Tipo de indicador	Criterio de calidade	Indicador	Estándar	Fonte de información
	O tratamento con ACO-AVK en pacientes diagnosticados de Fibrilación auricular prevén a aparición de eventos tromboembólicos (prevención do ictus e da embolia sistémica)	N.º de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e tratamento con TAO AVK que sofre un episodio tromboembólico demostrado (ACV ou AIT, infarto de miocardio, embolismo pulmonar, embolismo periférico ou trombose protésica) / n.º de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e terapia con TAO-AVK		SIAC-AP SIAC-PF CMBD
Prevención/ efectos adversos	O tratamento con ACO-NACO en pacientes diagnosticados de Fibrilación auricular prevén a aparición de eventos tromboembólicos (prevención do ictus e da embolia sistémica)	Porcentaxe de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e tratamento TAO NACO que sofre un episodio tromboembólico demostrado (ACV ou AIT, infarto de miocardio, embolismo pulmonar, embolismo periférico ou trombose protésica) n.º de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e terapia con TAO-NACO		SIAC-AP SIAC-PF CMBD

Tipo de indicador	Criterio de calidade	Indicador	Estándar	Fonte de información
	Os pacientes tratados con ACO-AVK poden presentar efectos adversos (risco de sangrado leve ou grave)	Porcentaxe de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e tratamento con TAO AVK que sofre: sangrado dixestivo controlable, hematuria grave, hematomas severos pero en localizacións controlables, hemorraxia intracraneal, sangrado dixestivo non controlable, hematoma retroperitoneal / n.º de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e terapia con TAO-AVK		SIAC-AP SIAC-PF CMBD
	Os pacientes tratados con ACO-NACO poden presentar efectos adversos (risco de sangrado leve ou grave)	Porcentaxe de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e tratamento con NACO que sofre: sangrado dixestivo controlable, hematuria grave, hematomas severos pero en localizacións controlables, hemorraxia intracraneal, sangrado dixestivo non controlable, hematoma retroperitoneal / n.º de pacientes con episodio con código CIAP K78 no ano de estudo e terapia con NACO		SIAC-AP SIAC-PF CMBD

Tipo de indicador	Criterio de calidade	Indicador	Estándar	Fonte de información
Estrutura	A historia clínica do paciente con sospeita de FA deberá incluír información relevante e accesible para a coordinación dos profesionais	Incorporación do modelo en IANUS da lista de diagnóstico inicial e de seguimento en Atención primaria Capacidade para escanear e subir o ECG a IANUs		
	Todo profesional que atienda a pacientes con FA debe tener acceso a la ECG.	Todo profesional que atenda a pacientes con FA debe ter acceso á ECG.		
	Formación de profesionais	N.º de sesións celebradas en centros de saúde para presentar e avaliar o procedemento/nº total de centros de saúde/servizos de Atención primaria		

. BIBLIOGRAFIA .



BIBLIOGRAFÍA:

Camm, A. J.; Kirchhof, P.; Lip, G. Y.; Schotten, U.; Savelieva, I.; Ernst, S.; Van Gelder, I. C.; Al-Attar, N.; Hindricks, G.; Prendergast, B.; Heidbuchel, H.; Alfieri, O.; Angelini, A.; Atar, D.; Colonna, P.; De Caterina, R.; De Sutter, J.; Goette, A.; Gorenek, B.; Heldal, M.; Hohloser, S. H., Kolh, P., Le Heuzey, J. Y.; Ponikowski, P.; Rutten, F. H. Guidelines for the management of atrial fibrillation: the Task Force for the Management of Atrial Fibrillation of the European Society of Cardiology (ESC). European Heart Rhythm Association; European Association for Cardio-Thoracic Surgery *Eur Heart J.* 2010; 31: 2369-429.

Camm, A. J.; Lip, G. Y.; De Caterina, R.; Savelieva, I.; Atar, D.; Hohnloser, S. H.; Hindricks, G.; Kirchhof, P. ESC Committee for Practice Guidelines (CPG). 2012 focused update of the ESC Guidelines for the management of atrial fibrillation: an update of the 2010 ESC Guidelines for the management of atrial fibrillation. Developed with the special contribution of the European Heart Rhythm Association. *Eur Heart J.* 2012; 33: 2719-47

Heidbuchel, H.; Verhamme, P.; Alings, M.; Antz, M.; Hacked, W.; Oldgren, J., Sinnaeve, P.; Camm, A. J.; Kirchhof, P. European Heart Rhythm Association. European Heart Rhythm Association Practical Guide on the use of new oral anti-coagulants in patients with non-valvular atrial fibrillation. *Europace.* 2013 May;15: 625-51.

Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios. INFORME DE POSICIONAMENTO TERAPÉUTICO UT/V4/23122013. Criterios e recomendacións xerais para o uso de novos anticoagulantes orais (NACO) na prevención do ictus e a embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular non valvular. Data de publicación 23 de decembro de 2013

Management of antithrombotic therapy in patients undergoing invasive procedures. Baron, T. H.; Kamath, P. S.; McBane, R. D. *N Engl J Med.* 2013; 368: 2113-24.

· DIAGRAMAS de FLUXO
de PACIENTES.



DIAGRAMA DE FLUJO DO PROCESO INTEGRADO DE FIBRILACIÓN AURICULAR






DIAGRAMA DE FLUXO DO PROCESSO INTEGRADO DE ANTICOAGULAÇÃO ORAL COM ANTIVITAMINA K



PROCESO de FIBRILACIÓN AURICULAR



XUNTA DE GALICIA
Servizo Galego de Saúde
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, 2014

Edita: Xunta de Galicia. Servizo Galego de Saúde.
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1655-2014

Imprime: SERVIDEAS SLL - Santiago de Compostela

Equipo de trabajo del proceso de fibrilación auricular del CHUS

Alfonso Varela Román	Cardiología
Pilar Mazón Ramos	Cardiología
Javier García Seara	Cardiología
Manuel Lado López	Atención Primaria
Oliva Varela Meizoso	Atención Primaria
Susana Pérez Crespo	Hematología
M. ^ª Dolores Vilariño López	Hematología
Antonio Pose Reino	Medicina Interna
Francisco Lado Lado	Medicina Interna
Carmen Seijas Rodríguez	Urgencias
Miguel Blanco González	Neurología
María Jesús Lamas Díaz	Farmacia
Estrella López Pardo	Subdirección de calidad y atención al paciente

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN, ELEMENTOS, FILOSOFÍA Y OBJETIVOS	141
Elementos	143
Filosofía	143
Fases del proceso	147
Diagnóstico y estratificación del riesgo	147
Instauración de tratamiento óptimo	149
Seguimiento y prevención de eventos CV	150
Tratamiento de eventos CV y descompensaciones	151
DIAGNÓSTICO, EVALUACIÓN DE LA SEVERIDAD CLÍNICA Y ESTRATIFICACIÓN DEL RIESGO	153
Presentación clínica	155
Diagnóstico ECG	155
Evaluación de la severidad clínica	156
Clasificación de la FA	157
Evaluación del riesgo tromboembólico y hemorrágico	158
Check-list primera fase	159
INSTAURACIÓN DEL TRATAMIENTO ÓPTIMO	165
Profilaxis tromboembólica	167
Tratamiento anticoagulante oral (TAO)	167
Indicaciones tratamiento con AVK	168
Indicaciones tratamiento con NACO	168
Contraindicaciones de la TAO	169
Características, posología, contraindicaciones de los NACO	169
Inicio de la TAO	172
Tratamiento antiagregante	173
Control de la frecuencia ventricular	174
Control agudo de respuesta ventricular	174
Control crónico de respuesta ventricular	175
Control de ritmo	177
Recomendaciones de control de ritmo	178

Recomendaciones de control de respuesta ventricular	178
Cardioversión	178
Indicaciones de ecocardiograma transesofágico	179
Mantenimiento del ritmo sinusal	180
Fármacos antiarrítmicos para profilaxis de FA	180
Ablación con catéter	182
SEGUIMIENTO Y PREVENCIÓN DE EVENTOS CV	185
Seguimiento	187
Evaluación clínica	188
Tratamiento antitrombótico	188
Grado de control de respuesta ventricular	189
Evaluación de la forma de FA	189
Identificar riesgo de proarritmia	189
TRATAMIENTO DE EVENTOS CARDIOVASCULARES, COMPLICACIONES Y DESCOMPENSACIONES	191
Criterios de gravedad	193
Complicaciones relacionadas con tratamiento antitrombótico	193
Cambio entre diferentes regímenes de tratamiento antitrombótico	193
Interacción de TAO con dieta y fármacos	195
Errores de dosificación	196
Necesidad de cirugía programada en pacientes en TAO	197
Necesidad de cirugía urgente no programada en pacientes en TAO	202
Tratamiento de complicaciones hemorrágicas en pacientes en TAO	203
TRATAMIENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES CON CARDIOPATÍA ISQUÉMICA	207
Medidas generales para minimizar riesgo hemorrágico	209
Factores a tener en cuenta para determinar terapia antitrombótica	209
Recomendaciones de tratamiento antiagregante tras SCA (tipo/duración)	210
Tratamiento en pacientes con cardiopatía isquémica crónica	211

TRATAMIENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES QUE SUFREN UN ICTUS	213
Manejo del ictus hemorrágico en fase aguda	215
Manejo del ictus hemorrágico en fase crónica	217
Manejo del ictus isquémico en fase aguda	218
Manejo del ictus isquémico en fase crónica	218
TRATAMIENTO ANTITROMBÓTICO EN PACIENTES QUE SUFREN NEOPLASIAS	221
RECOMENACIONES DE TAO EN PACIENTES QUE VAN SOMETERSE A UNA CARDIOVERSIÓN	225
PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO EN CONSULTA DE ENFERMERÍA DE PACIENTES DIAGNOSTICADOS DE FA	229
Primera consulta de enfermería tras el diagnóstico de FA	231
Segunda consulta	232
Tercera consulta	234
Consultas de seguimiento	236
TABLAS	239
Clasificación clínica EHRA	241
Criterios de inestabilidad	241
Clasificación da FA	241
Escala de riesgo tromboembólico y hemorrágico	242
CHADS2	242
CHA2DS2-VASc	242
HAS-BLED	243
Árbol de decisión de tratamiento antitrombótico	244
Árbol de decisión de manejo tras primer diagnóstico	245
Resumen de aspectos a valorar en cada consulta de enfermería	246
INDICADORES	247
BIBLIOGRAFÍA	255
DIAGRAMAS DE FLUJO DE PACIENTES	259

. INTRODUCCIÓN,
ELEMENTOS, FILOSOFÍA
y OBJETIVOS .



INTRODUCCIÓN, ELEMENTOS, FILOSOFÍA Y OBJETIVOS

La **fibrilación auricular** constituye el tercer motivo de consulta en nuestra Área Cardiovascular, representando el 13 % de las consultas. Es también un importante motivo de demanda asistencial en el Servicio de Urgencias de la Xerencia de Xestión Integrada del Área de Santiago de Compostela. En un análisis realizado en el año 2003 en el Servicio de Urgencias, y publicado en la introducción del protocolo de fibrilación auricular consensuado por los Servicios de Urgencias y Cardiología, se registraron, durante un periodo de un mes, 222 casos de fibrilación auricular, de los cuales 35 correspondían a pacientes que consultaban por fibrilación auricular, siendo en el resto de los casos un hallazgo incidental. Si hacemos una proyección a un año, tendríamos 2.264 pacientes con fibrilación auricular atendidos en el Servicio de Urgencias de la Xerencia de Xestión Integrada del Área de Santiago de Compostela, y 420 casos de pacientes en los que la fibrilación auricular sería el motivo de asistencia. Otro aspecto a valorar es el pronóstico desfavorable que condiciona, ya que se ha descrito como factor independiente de mortalidad y de riesgo de eventos embólicos.

